

10
ANFORMANDO

PROXECTO eDepo:
A administración nun *click*

Puntogal a bo ritmo
Novas sobre o noso dominio

Revista de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia

Código Cero

www.codigocero.com

Nº 101_Año 11



Administración sen cancelas

Novidades TIC do Goberno galego



PATRIMONIOGALEGO.NET

Protexendo o que non se protexe só

GADGETS DE MODA

Repasamos os últimos trebellos tecnolóxicos chegados ao mercado



O CLUSTER TIC OLLA LONXE

Reforzos para internacionalizármonos





BLU:sens

LA GRAN MARCA ESPAÑOLA DE TECNOLOGÍA

BLU:sens
WEBTV
VIVO *?* LIBRE!



» novas

4

4 Resumo de actualidade de comercio electrónico e de empresa TIC

» reportaxes

10

6 O Cluster TIC recibe apoios para a súa saída ao exterior

7 Novidades sobre a consecución dun dominio propio galego, ".gal"

8 Henrique Neira fálanos da vantaxes e atrancos das bibliotecas virtuais

9 A feira EficienTIC dá conta de todo tipo de novidades en innovación enerxética

10 Dúas galegas entre os finalistas dun concurso de YouTube

11 En marcha o Programa de Voluntariado Dixital

12 Modernización achéganos o Mapa TIC das empresas galegas

13 O Centro Demostrador TIC fai reconto de actividades

14 Emetel traballará co CESGA na mellora do seu funcionamento

15 Valoracións da achega TIC da Escola Galega de Administración Pública

18 Ineo fai un chamamento a facer fronte común para modernizar Galicia

19 As TIC galegas contribúen á consolidación da lingua

20

20 A Deputación de Pontevedra informa de novas medidas para favorecer a vida dixital dos cidadáns

22 GalegoLab fai reconto de froitos acadados dende a súa posta en marcha

23 PatrimonioGalego.net deixa atrás a liña dos 1.000 bens catalogados

24 GalApps: suite de ferramentas para promover a tradución e o uso do galego

25

25 Informamos das últimas novidades empresariais do noso eido innovador

» Especial

16 A Administración autonómica comeza un novo ano cun bo feixe de novidades dixitais

» Gadgets

27 Escolmamos os trebellos tecnolóxicos do mes que máis nos chamaron a atención

29

» Xogos

29 Repasamos o máis salientábel da tempada en materia de consolas e videoxogos

» Neste número...

Que queda logo de celebrar dez anos de vida e a saída de cen exemplares na rúa? Pois nin máis nin menos que seguir traballando e facer todo o posíbel, xa, para que os nosos lectores teñan nas súas mans este número 101 de Código Cero. O caso é que un número especial como o do pasado mes, ese número de 100 páxinas co que conmemoramos os devanditos feitos, pode significar moitas cousas diferentes, e os seareiros desta revista así nolo confirmaron estes días, facéndonos basicamente a mesma pregunta, aínda que coas lóxicas variacións: "E agora que?". Por se houberse dúbidas, este novo exemplar de Código Cero confirma e simplifica o que queríamos achegar como resposta: "Pois agora a seguir traballando". E que ninguén pense que o tema TIC esgotouse definitivamente tras un seguimento detallado como o que fixemos co novo ano, a cuestión TIC galega obríganos sempre, teñamos as páxinas que teñamos, a deixar todo tipo de informacións no tinteiro, por desgraza, tal é o volume do que se xera, e só na nosa terra, procedentes tanto do ámbito privado (coas empresas a todo gas, achegando innovación e poñendo todo da súa parte para abrir mercados onde sexa, podémolo ver en moitas das páxinas deste número 101) como do eido público (coas nosas administracións, podémolo ver nas páxinas centrais, traballando por estar máis preto de nós, quen nolo ía dicir, dende lonxe e con axuda das redes).

» O humor de Henrique Neira



16 »



24 »



« 29



Equipo

DIRECTOR Xosé Mª Fernández Pazos director@codigocero.com • **SUBDIRECTOR** Marcus Fernández webmaster@codigocero.com
SOCIO FUNDADOR Carlos Ballesteros c.ballesteros@codigocero.com • **REDACTOR XEFE** Fernando Sarasqueta redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN Manolo Gago (Opinión) • Raquel Noya (Reportaxes) • Moncho Paz (Opinión) • Modesto Pena (Redes) • Sevi Martínez (Xogos) • Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA María Xesús Vázquez
DESEÑO GRÁFICO e MAQUETACIÓN Raquel Noya publicidade@codigocero.com • Óscar Louzán publicidade@codigocero.com
IMPRIME Tórculo Artes Gráficas, S.A. • Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA Grupo Código Cero Comunicación S.L. • Conxo de Arriba nº 49, 1º C • 15706 Santiago de Compostela Tel.-fax: 981 530 268
<http://www.codigocero.com> • redaccion@codigocero.com
Número 101 Publicación periódica. Prezo 2€ • Depósito Legal: C-2301/01 I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546 I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554





Xornadas de seguridade para conmemorar os 25 anos da FIC

Entre as actividades programadas para celebrar os cinco lustros da Facultade de Informática da Universidade da Coruña cómpre salientar, por proximidade temporal e por relevancia informativa e formativa para Código Cero, a celebración das Xornadas de Seguridade Informática 2011, uns encontros programados para os días 24, 25 e 26 de febreiro e que van dirixidos a dar conta, polo miúdo e con sentido práctico, do máis destacado en materia de innovación, galega e de máis alá, ao servizo da

protección en liña. Segundo informa o grupo GSIC, da Universidade da Coruña, no transcurso destas xornadas dirixidas a estudantes e profesionais das TIC en xeral, participarán importantes especialistas do panorama tecnolóxico-dixital galego e estatal, todos eles incidindo no presente e no futuro da seguridade en liña.

Por ir adiantando uns cantos nomes, dicir que as xornadas contarán coa presenza de José Selvi, auditor de S21sec; de Chema Alonso, consultor de Seguridade en Informática64, Microsoft MVP; de Ángel

Prado, enxeñeiro de Salesforce; de José Luis Verdeguer, director de sistemas de ZoonSuite; de Alberto Partida, profesional de seguridade da información, ou de Sebastián Guerrero, investigador de MalwareInt. Cómpre salientar tamén a presenza de Diego Ferreiro, enxeñeiro de software de Yahoo!, quen fará un repaso das posibilidades que temos, ou podemos ter, de traballar no seo das grandes multinacionais do sector en materia de programación, protección e seguridade.



Tegnix forma en software libre ao Concello de Zaragoza

A empresa Tegnix, integrante da Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (AGASOL) e comandada polos compañeiros Roberto Brenlla e Carlos Rodríguez, vén de informar dun novo paso adiante do noso colectivo de profesionais do código aberto en materia de espallamento e formación alén da nosa terra. Máis polo miúdo, trátase da participación de Tegnix na preparación cara a un emprego máis fondo do software libre do persoal técnico do Concello de Zaragoza.

Da man da empresa galega, de feito, estáselle a achegar á dita administración un curso de LPI, certificación nivel 1 de administradores profesionais de Linux. Cómpre sinalar que coa certificación LPI acredítase entre outras cousas a capacitación dos alumnos no uso do devandito sistema operativo e máis nas múltiples ferramentas e aplicacións libres ligadas a este sistema. Esta ampliación do radio de acción dos nosos profesionais e dos nosos produtos está a ser valorado por Tegnix dun xeito ben positivo: "O software libre galego, máis aló da súa aplicación en sectores públicos e privados no noso territorio, é tamén unha ferramenta de coñecemento noutras zonas, a través de empresas galegas que realizan os seus produtos en código aberto".

Volvendo ao curso, dicir que un dos seus obxectivos, amais dos devanditos, é mellorar o servizo interno de soporte aos usuarios do concello, ao tempo que os cualificará para obter a certificación LPIC-1.

A nova edición do FIC OnLan celébrase do 17 ao 21 de febreiro

Quen ande contando os días, e as horas, para un novo encontro informático para a mocidade, galego e próximo (en distancias e obxectivos), está de sorte. Segundo nos contan os responsables de FIC OnLan (ficonlan.es), o vindeiro mes de febreiro, coincidindo coa festa do Antroido, celebrarase a terceira edición da party coruñesa. Máis polo miúdo, será do venres 17 ao martes 21, unha vez máis na Facultade de Informática da Coruña.

Cun aforo de 200 participantes, está previsto o desenvolvemento dun máis que completo programa de concursos, obradoiros e competicións, estes últimos acompañados dunha nutrida listaxe de premios e recoñecementos. Falarase, moito, sobre informática, redes sociais e tamén sobre programación en xeral, emprestandolle especial atención á actualidade TIC e aos



servizos e ferramentas de meirande potencialidade, tanto a nivel persoal como de mercado. A inscrición xa está aberta para quen queira participar no encontro, estando os relatorios programados suxeitos a entrada libre. Tamén haberá zona extranet, onde se levarán a cabo todo tipo de actividades creativas ligadas ao lecer tecnolóxico, a engadir a posibilidade de tirarlles o máximo partido ás videoconsolas e xogos máis punteiros a día de hoxe no mercado.

Continúa aberto o prazo de inscrición do concurso de curtas co móbil

Co obxectivo de potenciar a creatividade audiovisual dos e das estudantes galegas e darlle a coñecer o amplo abano de posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías, a rede CeMIT da Xunta convocou, a finais do pasado ano, o I concurso de Curtas co móbil, que ata o vindeiro 29 de febreiro mantén aberto o prazo de inscrición. Xa que logo, os mozos e mozas galegas que cursen a ESO ou o Bacharelato e estean interesados en participar coas súas curtas, aínda teñen un mes por diante para facelo, e poden informarse polo miúdo das bases do evento na páxina do mesmo en Facebook (facebook.com/imitxunta). Neste I Concurso de curtas realizadas co móbil, as mozas e mozos da ESO e Bacharelato que

teñan entre 14 e 20 anos, poderán participar de xeito individual ou colectivo, e mostrar nas súas pezas audiovisuais a súa creatividade e destreza cinematográfica.

A partir do vindeiro 7 de marzo, a organización do concurso subirá á Rede os vídeos recibidos, os cales serán sometidos á votación dos internautas mediante o sistema "Gústame" de Facebook.

Os alumnos e centros educativos interesados en participar neste concurso poderán inscribirse na aula CeMIT máis próxima ou a través da web www.cemit.xunta.es.

A organización do concurso estableceu



premiar con material tecnolóxico aos mellores centros de cada

provincia galega, así como ao mellor centro de toda a Comunidade.

Desta maneira, o centro educativo gañador a nivel provincial será obsequiado cunha cámara dixital compacta así como cun lote de 5 iPod para os integrantes dos equipos.

Xa a nivel autonómico o primeiro premio para o equipo gañador consistirá nun Netbook; e nunha videocámara para o equipo que quede en segunda posición.

R comeza a activar o servizo de vídeo baixo demanda

2012 sería o ano no que a súa compañía fará, en palabras do seu conselleiro delegado, Arturo Dopico, "os maiores esforzos por modernizar o seu servizo de televisión", engadindo inicialmente o vídeo baixo demanda, para adoptar despois a alta definición. Finalmente temos un calendario de activación do vídeo baixo demanda para os usuarios R que contén con decodificador de televisión, e que incluírá os servizos catálogo R (con películas, series de televisión, deportes e documentais que poderán consumirse á carta, pagándoos de xeito independente ou a través de bonos) e rebobina R (que facilitará o acceso en diferido a boa parte dos contidos televisivos de R da última semana, o que permite librarse da escravitude das grellas de programación).

Os primeiros afortunados en poder gozar destes novos servizos que levan uns meses en probas serán os usuarios en Pontevedra e A Coruña, que contarán cos mesmos dende o 31 de xaneiro; en Vigo Santiago e Ourense activarase o vídeo baixo demanda o 16 de febreiro; e a partir do 23 de febreiro os novos servizos xa estarán dispoñibles para todos os usuarios do servizo de televisión de R.

A Deputación de Pontevedra presentoulles ás empresas da provincia as vantaxes dos seus proxectos TIC

As deputadas provinciais Ana Isabel Vázquez e Begoña Estévez, xunto co xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, Amancio Varela, presentáronlles ás firmas do sector tecnolóxico-dixital os proxectos depoTIC e depoGAP. Amais de Amancio Varela, participaron no acto técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías da entidade, Francisco Couñago, Juan Gabriel Fernández e José Ramón Pérez. Estes proxectos, que teñen unha vixencia deica o 31 de decembro de 2013, están cofinanciados con fondos FEDER nun 70%, a través da convocatoria da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do ano 2011. DepoTIC conta cun orzamento de 11.341.372,21 €, sendo a axuda FEDER de 7.938.960,55 €; no caso de depoGAP o orzamento ascende a 8.794.257,70 €, sendo a axuda FEDER de 6.155.980,39 €, a achega da Deputación para estes proxectos ascende a 6.040.688,97 €.

Amancio Varela fixo fincapé no obxectivo estratéxico destes proxectos: cohesionar o territorio da provincia a través do desenvolvemento económico mediante a promoción das TICs, mellorando os servizos achegados en base a unha maior accesibilidade destas últimas, impulsar a implicación cidadá nos asuntos públicos, levar as TIC ás empresas e aos concellos e pór a disposición da sociedade, dixitalmente, o patrimonio documental, gráfico e audiovisual.

Para obtermos estes beneficios, dixo Varela, o proxecto inclúe a posta en marcha dun Centro Provincial de Asesoramento Municipal (CPAM 2.0), un modelo de e-comercio para PEME, oficinas de tramitación e accesibilidade electrónica, un centro para a explotación do patrimonio documental e bibliográfico e máis o Centro Provincial de Asesoramento Empresarial, CPAE 2.0, entre outras cousas.

O proxecto depoGAP ten como obxectivo xestionar os activos públicos da provincia, controlando a eficiencia e contención do seu gasto, e achegándolles información aos concellos para a toma de decisións. Este proxecto incidirá na redución do impacto sobre o medio ambiente das actividades de mantemento dos activos públicos e no impulso da participación cidadá na xestión dos asuntos públicos. Para cumprir con estes obxectivos, depoGAP contará cun inventario de activos provinciais, dotación tecnolóxica dunha ferramenta de xestión de activos provinciais e unha proba piloto de eficiencia enerxética

Os medios galegos apoian o labor de Código Cero co gallo do noso 10º aniversario



desexos para o noso labor, o que nos últimos días foi especialmente notorio pola entrevista que nos fixeron na TVG (agalega.info), o artigo sobre aplicacións móbiles de Culturagalega.org para o que contaron coa nosa opinión e, o pasado domingo, cunha entrevista en El Correo Gallego. Dende aquí agradecer a todos os medios o seu apoio ao noso

proxecto e, con estas mostras de solidariedade, contribuír tamén a dar visibilidade ao tecido tecnolóxico galego, que cada vez parece máis vivo, como amosan tanto éxitos empresariais como encontros informais que teñen lugar pola nosa xeografía.

Nestas datas nas que estamos a celebrar o 10º aniversario e o número 100 da nosa edición impresa, non son poucos os compañeiros doutros medios de comunicación que están a aproveitar a ocasións para manifestar publicamente os seus bos

TODOS XUNTOS PARA SAÍRMOS AO MUNDO

A Xunta apoiará ao Cluster TIC Galicia no seu plan de internacionalización para empresas

O Cluster TIC Galicia, que dende a súa creación afirma “traballar para poñer en valor o sector tecnolóxico galego”, vén de anunciar que elaborará un plan de internacionalización específico para o mesmo, que contará co respaldo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia. O titular da entidade pública, Javier Guerra Fernández, mantivo hai uns días unha reunión co presidente do Cluster, Gerardo Crespo Riestra, na que se puxeron ao día no tocante á situación das empresas tecnolóxicas galegas e máis na necesidade de que tódolos axentes se impliquen para o pulo da innovación, a competitividade e a saída a novos mercados, entre outras cousas. Nesta reunión, o representante do Cluster galego comprometeuse de firme a

“presentar un primeiro borrador do plan no prazo dun mes”, algo que o titular de Economía e Industria considerou “estratéxico” e manifestou o apoio do seu departamento.

Gerardo Crespo xa mantivera recentemente un encontro con Javier Aguilera, director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que segundo informan dende a entidade, “serviu para dar un pulo á colaboración entre ambas as dúas institucións”. Nesa xuntanza, engaden, acordouse a posta en marcha por parte do Cluster de “iniciativas para promover o acceso das empresas TIC galegas ás oportunidades de financiamento que ofrecen os fondos de capital risco promovidos pola administración galega”.



XORNADA DE NEGOCIO E NETWORKING

Empresas, profesionais e persoas emprendedoras en xeral con interese nas novas tecnoloxías, veñen de ser convocadas polo Cluster TIC Galicia á primeira edición da Xornada de Negocio e Networking, que celebrará en Santiago de Compostela o vindeiro 16 de febreiro.

A entidade organiza esta xornada baixo o lema *Facendo nacer as oportunidades, sabedora de que será un punto de encontro efectivo entre profesionais, empresarios e emprendedores do sector que teñen moito que aportarlle uns aos outros en materia de cooperación empresarial.*

Máis polo miúdo, a xornada ten un obxectivo moi definido: dar a coñecer persoal e profesionalmente ás persoas asistentes, “como primeiro paso para poñer en marcha oportunidades de negocio”, indican os seus responsables.

Para iso, todas as persoas participantes manterán entre si encontros cara a cara, a fin de que, ao cabo da xornada, cada un dos participantes teña mantido unha entrevista persoal con cada un dos outros e da mesma poidan xurdir posibles clientes, socios, colaboradores ou provedores cos que cooperar nun proxecto futuro.

O prazo para inscribirse nesta xornada xa está aberto, e as persoas interesadas en asistir atoparán a folla de inscrición na web da entidade organizadora.

Tamén se poden poñer en contacto coa administración do Clúster a través da dirección, info@clusterticgalicia.com ou por teléfono chamando ao 981 569 893.

O prezo da xornada é de 39 euros para os socios e de 59 para as persoas non asociadas, incluído o almorzo.

Máis en www.clusterticgalicia.com

RUMBO A ACADAR UN DOMINIO GALEGO NA INTERNET

ICANN, a corporación que goberna os nomes de dominio na Internet, abriu o 13 de xaneiro o proceso de solicitude de novos dominios de primeiro nivel por primeira vez dende 2004, permanecendo o prazo de presentación de candidaturas aberto durante 3 meses, dentro dos que a

Asociación PuntoGal, co apoio da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, remitirá a candidatu-

ra dun dominio para a lingua e a cultura galegas, o .gal. A Xunta de Galicia financiou a través de distintos convenios de colaboración as actividades da Asociación para impulsar o seu fin tanto a nivel local como a través da presenza en distintos encontros de ICANN ao longo do mundo.

A Asociación PuntoGal está a ultimar os informes imprescindibles para demostrar ante ICANN que o dominio galego é viable tanto técnica como economicamente, contando tamén cun

amplo respaldo social, o que queda evidenciado polas 109 entidades que conforman a Asociación (entre as que figuran as principais institucións culturais e educativas da nosa comunidade) e os máis de 13.000 apoios individuais recibidos a través da páxina web do organismo que ten por fin que o .gal sexa unha realidade.

Durante os últimos anos a Asociación PuntoGal realizou labores de visualización da súa iniciativa en eventos culturais en distintos puntos das nosas xeografía, corroborando o respaldo de numerosos axentes da nosa cultura, así como de moitos cidadáns, que entenden a necesidade de coidar a nosa presenza na Rede.

Pero o .gal non conta só con apoios dende Galicia, senón que máis de vinte asociacións de emigrantes en España, Por-

tugal, Francia, Suíza, Alemaña, Bélxica, Arxentina, EE.UU., Uruguai e Brasil tamén están a colaborar coa Asociación para conseguir un dominio de primeiro nivel que, entre outras cousas, facilitará e axilizará a localización de contidos en galego na Internet á vez que servirá de estandarte das nosas lingua e cultura.

Cómpre destacar que é de agardar que a longo prazo a xestión dun dominio galego acade o autofinanciamento, de xeito que os futuros beneficios desta actividade revertirían na nosa comunidade, posiblemente a través de axudas ao fomento do galego nas novas tecnoloxías, na liña do que están a facer dende a Fundació Puntcat en Cataluña, onde superaron os 51.000 dominios rexistrados en 5 anos.



Á esquerda, Manuel González, presidente da Asociación PuntoGal con Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización




VANTAXES E PARADOXOS DAS BIBLIOTECAS VIRTUAIS

Henrique Neira Pereira infórmanos sobre o uso que lles podemos dar aos novos acubillos do coñecemento

Hoxe en día, coa dispersión de recursos que é propia da rede de redes, Internet, somos quen de atoparmos libros e outros documentos localizables decote en bibliotecas nunha crecente e semella que imparabile multitude de webs. Mais, do mesmo xeito que temos bibliotecas físicas, na vida real, a pesar de que cada quen pode ter unha biblioteca de seu na casa, tamén existen bibliotecas virtuais accesibles a calquera internauta. Nas virtuais ou bibliotecas en liña, é dicir, as que son accesibles a través da rede, poderemos obter contidos dixitalizados en diferentes formatos –texto, audio, vídeo, imaxes– que se o desexamos poderán trasladarse a algún dos soportes físicos típicos das bibliotecas físicas coma o papel ou os DVD ou simplemente consúltalos en calquera dispositivo electrónico que dispoña do software axeitado.

En Galicia xurdiron nos anos noventa iniciativas moi interesante como a Biblioteca Virtual Galega (www.bvg.udc.es) impulsada desde a Universidade da Coruña, pero aínda houbo que esperar uns anos para que comezase a dixitalización masiva de documentos desde múltiples entidades non só no ámbito galego senón no mundial. En efecto, desde hai máis dunha década existen proxectos públicos europeos para a dixitalización de documentos como por exemplo o xurdido trala reunión de Lund, en Suecia, no ano 2001, ou o proxecto *Presto-Space*, para a dixitalización do patrimonio audiovisual europeo. Pero soamente foi no 2004, meses despois de anunciar a firma Google o comezo do seu proxecto de dixitalización masiva de libros de múltiples bibliotecas físicas de varios países, cando houbo unhas primeiras xuntanzas de



alto nivel entre representantes de Francia, España, Alemaña, Italia, Hungría e Polonia. Estes países solicitaron en varias reunións no 2005 o apoio do resto dos estados europeos, e deste xeito, o 14 de novembro dese ano o consello de ministros de Cultura europeos celebrado en Bruxelas apoiou de forma unánime que se crease unha biblioteca dixital europea. Esta biblioteca é hoxe realidade, chámase Europeana (www.europeana.org) e actúa como un portal de acceso ós fondos dixitalizados por diferentes institucións públicas e privadas de toda Europa.

A través deste portal aparecerannos fondos da biblioteca dixital pública galega Galiciana ou da española Hispánica, entre as decenas de entidades que xa se integraron no proxecto. O menú está dispoñible nuns vinte idiomas, entre eles o castelán e o catalán, pero non aínda en galego ou eúscolo.

Con todo, hai paradoxos, xa que ás veces os documentos dispoñibles en liña nesta e noutras webs non contan coa suficiente calidade para aforrarnos un desprazamento

Captura da proposta chamada Europeana

e consúltalos fisicamente se temos verdadeiro interese nelles: pasa moito cos documentos cartográficos, nos que resulta difícil acadar un nivel de detalle adecuado como para ler ben os textos máis pequenos. Noutras ocasións o problema é outro, e podemos tomar como exemplo o Catastro de Ensenada dixitalizado polo Ministerio de Cultura, que achega infinidade de datos sobre a situación das parroquias galegas en 1752-1753: a aplicación de consulta en liña coloca en cada documento

unha enorme marca de auga que non podemos eliminar para reproducilo nunha publicación ou soamente para consúltalo máis comodamente. En cambio se imos por exemplo ó Arquivo da Universidade de Santiago podemos consúltalo en formato microfilme e imprimir unha reprodución do orixinal, ben é certo que de escasa calidade se a comparamos cun documento ben dixitalizado. Son algunhas das sorpresas que imos atopar na actualidade nas bibliotecas virtuais.

Porta de entrada web da Biblioteca Virtual Galega

CLAVES PARA SERMOS INTERNAUTAS Á PAR QUE ECOLÓXICOS

En marcha en Vigo as xornadas EficieTIC para poñer a tecnoloxía do lado do planeta

Os estudantes de secundaria e Bacharelato de agora, que naceron mamando as novas tecnoloxías e a cultura dixital, saben mellor que ningunha outra xeración como se usan os trebellos tecnolóxicos e como se fedella na Rede, porén, froito dunha sociedade consumista na que se están a criar (ou malcriar nalgúns casos), as máis das veces descoñecen como usar a tecnoloxía que os rodea dun xeito máis eficiente e tratando de ser máis respectuosos co medio ambiente.

Para atallar este modo de actuar e divulgar unha forma de comportamento máis susten-

table entre os futuros adultos do país, o CITE XVI (Cidade Tecnolóxica de Vigo), GRADIAN (Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia) e ENERGYLAB (Centro Tecnolóxico de Eficiencia y Sostenibilidad Energética) están a organizar o proxecto EficieTIC, á vista en eficientic.blogspot.com unhas xornadas de divulgación dirixidas a estudantes de secundaria e Bacharelato de toda Galicia que pretenden ensinar a usar as TIC de xeito responsable.

As actividades, que deron cozezo o vindeiro 24 de xaneiro pero que proseguirán en datas vindeiras, inclúen demostra-

cións e visitas guiadas polos devanditos centros, que se completan con obradoiros para aprender a utilizar a tecnoloxía que nos rodea do xeito máis rendíbel posible, respectando o medio ambiente.

Para iso, os alumnos e alumnas comprobarán de primeira man como as enerxías renovables, como pode ser a eólica, poden alimentar as nosas máquinas ou facer funcionar aparellos sen electricidade.

A organización das xornadas, que aseguran que “as prazas xa están cubertas e hai centros en listas de espera”, agardan que as actividades sirvan para

achegarlle aos rapaces e rapazas a ciencia e a tecnoloxía, “e que fagan súas ferramentas que permiten un aforro enerxético considerable”, engaden.

As tres entidades colaboradoras, CITE XVI, EnergyLab e Gradient, desenvolven as xornadas do propio edificio CITE XVI, inaugurado o pasado verán pola ministra Garmendia e o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

A primeira visita dos alumnos e alumnas foi, como dixemos, o vindeiro 24 de xaneiro, e repetirase o 26 e o 31 e os martes e xoves de todo o mes de febreiro.

Alumnos e alumnas de Baiona probando o *Scalextric* de enerxía limpa



A PRIMEIRA CITA: UN ÉXITO

O traballo rutineiro da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITE XVI) viuse interrompido durante a mañá deste 24 de xaneiro polo burbullo de sesenta alumnos e alumnas de secundaria e bacharelato dun centro de Baiona, que se achegaron ata as instalacións deste edificio para asistir á primeira xornada de EficieTIC, onde se concienciaron sobre o uso eficiente da tecnoloxía.

Estas xornadas de divulgación incorporan no seu programa demostracións, visitas guiadas e obradoiros tecnolóxicos, nos que os alumnos e alumnas aprenden a utilizar a tecnoloxía que os rodea do xeito máis eficiente posible.

Este martes 24, por exemplo, o alumnado procedente de Baiona puido coñecer de primeira man o nivel de contaminación que rexistraban os seus trebellos tecnolóxicos, e aprenderon a utilizalos de xeito eficiente para aforrar enerxía.

Asemade, probaron persoalmente un *Scalextric* que funciona coa enerxía xerada polos propios estudantes ao dar pedaladas nunha bicicleta, unha radio que funciona coa enerxía xerada por unha soa candeala, pantallas que se apagan cando non hai ninguén diante e volven funcionar cando “ven” unha cara... así como outros múltiples exemplos prácticos, cos que a organización buscaba xerar curiosidade e concienciar sobre os consumos dos aparellos electrónicos e as alternativas para seren máis eficientes.

EXPERIMENTOS NO ESPAZO

Dúas galegas entre os finalistas do concurso *YouTube Space Lab*

YouTube, Lenovo e Space Adventures, en colaboración con distintas axencias espaciais, entre elas a NASA ou a Axencia Espacial Europea (ESA), veñen de anunciar os sesenta finalistas rexionais do concurso de ciencias internacional *YouTube Space Lab*, que reta aos mozos e mozas de entre 14 e 18 anos de idade a que deseñen un experimento que se poida realizar no Espazo.

YouTube Space Lab recibiu milleiros de entradas en vídeo procedentes de máis de 80 países e España está, xunto con EEUU, India, Polonia e Canadá entre os que máis proxectos ten na final.

Máis polo miúdo, do noso hai na final catro grupos en total, que proceden da Coruña, Alcalá de Henares, Cádiz e as Illas Baleares.

Ata o vindeiro 24 de xaneiro, a comunidade internauta, a través de YouTube, está convidada a xulgar os experimentos, os cales tamén serán avaliados por un prestixioso panel de xuíces que inclúe a personalidades como o famoso científico Stephen Hawking; William Gerstenmaier, o astronauta da JAXA, Akihiko Hoshide ou o fundador do Cirque du Soleil, Guy Laliberté, que determinarán os gañadores da edición.

A canle Space Lab, que serve como plataforma de descubrimento dos mellores vídeos do espazo e científicos de YouTube, chegou a máis de 40 millóns de reproducións de vídeo en todo o mundo.

Os seis finalistas rexionais, entre eles as galegas Laura Calvo and María Vilas (que compiten na categoría de 14 a 16 anos cun experimento sobre microgravidade), reuniranse o vindeiro mes en Washington, onde experimentarán un voo sen gravidade e recibirán cadanseus portátil IdeaPad de Lenovo.

Os gañadores finais poderán realizar os seus experimentos a 400 quilómetros da Terra, a bordo da Estación Espacial Internacional (ISS) para emitilos en directo en YouTube.

Asemade poderán escoller como premio un viaxe a Xapón para ver como o seu experimento despega nun cohete con destino á ISS ou, cando cumplan os 18 anos, ter a oportunidade de vivir a experiencia de preparación dun astronauta na Star City, Rusia, o centro de formación dos cosmonautas rusos e onde se adestrou Yuri Gagarin.

Cativada dándolle duro ao Galeoke na pasada edición do Culturgal



VAGA DE DESCARGAS EN YOUTUBE DO VÍDEO DUN RAPAZ PEDINDO TRABALLO

Xa o levamos dicindo dende hai anos, facéndonos eco do que din as organizacións sen arela de lucro comprometidas coas persoas con diversidade funcionais, psicolóxicas ou con dependencias: as novas tecnoloxías non teñen por que ser un atranco para a vida en sociedade dos devanditos colectivos senón todo o contrario. De feito, favorecen moito a normalización da súa participación en sociedade. Hai moitos casos disto pero se cadra un dos máis salientábeis estes días



é o de Luis Castro, un rapaz con diversidade que recibiu, grazas a un vídeo de seu, preto de 100.000 descargas en YouTube da súa achega. E só en catro días.

O vídeo en cuestión é *fillo* do seu tempo. De feito, trátase dunha campaña viral inserida dentro dunha campaña máis grande de sensibilización cidadá que vén da man da ONCE e FSC Inserta para favorecer a inclusión laboral das persoas en risco de exclusión. Este programa conta con financiamento do Fondo Social Europeo. Volvendo ao vídeo, dicir que Luis Castro é o protagonista absoluto, constituíndo a peza un chamamento directo, valente, a quen dirixe as rendas do tecido produtivo, os empresarios, para que poñan todo o posíbel da súa parte para rematar co paro e, tamén, para favorecer a integración laboral de tódolos colectivos, teñan as diversidades que teñan. No vídeo, Luis diríxese ao empresario ao que lle pide un posto de traballo, seguro da súa capacidade para poder desenvolvelo. A peza remata desta maneira: "Se me contratas vou ter a oportunidade de demostrarche que vou facer o traballo igual que calquera outra persoa, que vou ter mais ganas que ninguén e que lle vou dar un aire novo á túa empresa. Se máis empresarios fan coma ti, entre todos imos facer un mundo mellor".

Este viral, creado e realizado pola axencia Tiempo BBDO no marco do Programa PorTalento, cofinanciado polo FSE e que ten como fin fomentar o emprego e a formación das persoas con diversidades funcionais ou psicomotrices que aínda hoxe non teñen a oportunidade de demostrar a súa valía.

BÚSCANSE INTERNAUTAS SOLIDARIOS

En marcha o Programa de Voluntariado Dixital para favorecer a e-inclusión dos nosos colectivos en risco

No día a día dun internauta calquera, dunha persoa con coñecemento medio de tecnoloxía, hai moito de voluntariado. Quen máis quen menos, é requirido cada pouco, por familias ou amigos, para explicar determinada cousa ou ensinar ao manexo dunha ferramenta específica dun servizo específico. Así, apenas hai internauta galego que non sexa ao mesmo tempo voluntario a prol da alfabetización dixital. Porén, unha boa parte do que se fai neste senso, faise a título individual. A chegar máis continuidade, máis coordinación e tirar partido do gran potencial que temos no camiño da e-difusión, é un dos obxectivos do Programa de Voluntariado Dixital impulsado pola Secretaría Xeral de Modernización e a Consellería de Traxectoria (Dirección de Xuventude e Voluntariado). O programa foi presentado este venres 27 en tódolos seus detalles, incluída a súa web, voluntariadodixital.xunta.es, xa en activo.

A presentación desta iniciativa, destinada a favorecer a devandita alfabetización a través dunha gran liña de acción voluntaria que integra entidades e participacións individuais (apoiadas pola Xunta e os seus recursos TIC), contou coa presenza de Mar Pereira, secretaria

xeral de Modernización, e máis Ovidio Rodeiro, director xeral de Xuventude. Na sede do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), acompañados dunha boa parte dos principais representantes do panorama solidario galego, Pereira e Rodeiro fixeron fincapé nalgúns dos piares conceptuais, básicos, da proposta: potencial solidario galego para o desenvolvemento e a igualdade, compromiso xeral da sociedade galega a prol do desenvolvemento e da mellora de oportunidades, fomento da cultura de solidariedade. En palabras de Mar Pereira, “era preciso captar internautas voluntarios, potenciar tamén a participación das entidades de acción solidaria ao tempo que se tira o máximo partido dos recursos TIC que xa existen”. Estes son, voluntarios, entidades e recursos TIC, de feito, os tres grandes piares da iniciativa, aberta á cidadanía en xeral, pero con intención de facer especial fincapé nas persoas maiores e máis nos cidadáns en risco de exclusión.

De querermos participar nesta fronte común, o primeiro paso é acceder á páxina web da mesma, posta en marcha este venres 27, co fin de converterse en face visíbel e, tamén, lanzadeira e acubillo de



Mar Pereira e Ovidio Rodeiro durante a presentación do Programa, no MUPEGA de Santiago

actividades. Na web, tanto as persoas que queiran traballar a título individual (internautas cun coñecemento medio do emprego destas tecnoloxías), como as entidades potencialmente colaboradoras, deberán darse de alta.

O programa, informaron Mar Pereira e Ovidio Rodeiro, vai chegar este ano a máis de 3.500 persoas maiores e a arredor do 92% das persoas con diversidade funcional que viven na nosa terra (as que forman parte das nosas asociacións).

Para o desenvolvemento do programa, dixeron, abranse dúas convocatorias semestrais co fin de acadar a adhesión de persoas solidarias, entes e empresas. A primeira será o 1 de febreiro e “a partir de aí as entidades poderán incorporarse ao programa na web”.

Segundo fixo saber Ovidio Rodeiro na presentación do

programa, este baséase nunha realidade fóra de toda dúbida: a importancia de acceder ao coñecemento para contribuír ao desenvolvemento persoal e social. “Cómpre mobilizar tódolos recursos posibles, non só dende os poderes públicos”, dixo. O programa ten como obxectivo canalizar un novo xeito de participación, a participación dos tempos 2.0. Calquera das 800 entidades que están arestora inseridas nos rexistros da Xunta terán a súa disposición un amplo abano de servizos e recursos de inclusión dixital, como por exemplo as 98 aulas da rede de aulas CeMIT, as máis de 300 bibliotecas públicas, os 79 centros sociocomunitarios, os 81 Centros de Información á Muller (CeDIM) “e outras infraestruturas que poñan a disposición do programa, tanto os mecenas como as entidades que colaboren nel”.

OBXECTIVOS

Os obxectivos para finais de ano pasan por acadar a colaboración de 200 voluntarios, 100 entidades colaboradoras, entre entidades de acción voluntaria, empresas e outras entidades, e chegar a catro colectivos de persoas en risco de inclusión social e dixital.

MECENAS DIXITAIS

Ao abeiro do programa tamén se fixan, amais das devanditas, dúas figuras máis de participación: organismos públicos e privados que representen intereses profesionais, académicos, empresariais ou sociais e as empresas privadas do sector TIC que actuarán como mecenas dixitais. Os primeiros realizarán accións formativas entre os colectivos, cedendo o uso dos espazos TIC e traballando na sección e asesoramento de voluntarios.

As segundas actuarán como mecenas dixitais contribuíndo de xeito económico na liña de formación, na infraestrutura e noutros bens, na cesión de espazos TIC ou apoiando en labores de comunicación.




EN MARCHA O MAPA TIC.GAL

A plataforma constitúe un punto de encontro na Rede para provedores e demandantes de tecnoloxía

Con puntualidade inglesa, e co entusiasmo que a caracteriza cando se trata de falar de ferramentas de gran utilidade para tódolos galegos e galegas, a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, presentou recentemente o Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia (cdtic.xunta.es/mapatic), unha plataforma virtual que servirá de punto de encontro na Rede entre empresas TIC e empresas doutros sectores que demandan solucións tecnolóxicas.

Este mapa TIC, que está integrado e funcionando xa na web do Centro Demostrador TIC da Xunta, contén un directorio categorizado de provedores, produtos e servizos tecnoló-



Mar Pereira e Ana Díaz durante a presentación da ferramenta no Centro Demostrador TIC

xicos con selo galego, que se irá completando a medida que as empresas interesadas, ben en ofrecer solucións tecnolóxicas ou ben en botar man das mesmas, se vaian rexistrando.

Desta maneira, tanto provedores como demandantes de solucións tecnolóxicas poderán botar man deste peculiar Mapa-TIC, moi doado de usar e moi intuitivo, que de entrada diríxese a “máis de 196.000 empresas de diferentes sectores produtivos e

a máis de 222.000 autónomos”, segundo datos achegados pola entidade pública.

Na presentación da ferramenta tamén participou a directora xeral de Formación e Colocación, Ana Díaz, máis breve na súa intervención, que destacou a funcionalidade da plataforma á hora de facer ás nosas firmas “máis competitivas tanto aquí como no eido internacional”.

E é que este escaparate virtual, que dará servizo directo a máis de 1.800 empresas

dar a coñecer os seus produtos e servizos.

Asemade, as persoas demandantes de tecnoloxía que se rexistren no MapaTIC.gal, poderán acceder libremente á información personalizada dos provedores, con vistas a atopar os produtos ou servizos que mellor se adaptan ás súas necesidades tecnolóxicas e poñerse en contacto con eles.

É por isto que ámbalas dúas representantes do Goberno galego salientaron a utilidade desta ferramenta virtual, ao “proporcionar un escenario ideal para crear oportunidades de negocio TIC local e permitir fomentar a cooperación intersectorial de cara a mellorar a competitividade do sector tecnolóxico galego”.

Esta plataforma súmase ao CDTIC de Galicia, un escaparate tecnolóxico físico posto a andar pola Secretaría Xeral de Modernización e a Consellería de Traballo para facilitarles ás empresas do sector os medios precisos para dar a coñecer a súa oferta de produtos e servizos entre outros sectores produtivos que os puideran necesitar. As vantaxes da web respecto ao curmán físico (o CDTIC) radican, entre outras, na posibilidade de acceder dende

tecnolóxicas e máis de 2.260 empresas relacionadas coas TIC, abrialle as portas da innovación tecnolóxica ao resto de entidades do país, que precisarán modernizar as súas áreas para poder seguir sendo competitivos no mercado.

O mapa, que a dez días da súa posta en marcha xa contaba con 105 empresas inscritas que ofrecen 194 solucións tecnolóxicas, está estruturado en dúas áreas, unha de acceso público na que poden entrar tódolos internautas interesados, e outra accesible baixo clave de acceso, á que só poderán acceder aqueles provedores de tecnoloxías que se rexistraran previamente para

Este mapa TIC contén, entre outras cousas, un directorio categorizado de provedores, produtos e servizos tecnolóxicos con selo galego

calquera lugar e a calquera hora do día ás solucións que nos achegan as empresas rexistradas, sen ter que achegarnos persoalmente ata as instalacións do CNTG en Santiago de Compostela.

INNOVACIÓN CEN POR CEN Á VISTA

O Centro Demostrador TIC deu acubillo á presentación de 19 solucións dende a súa posta en marcha

O Centro Demostrador TIC, un espazo inaugurado en 2011 en Santiago para permitirles ás nosas empresas do sector dar conta en todo detalle das vantaxes dos seus servizos e solucións, rematou o devandito ano con balance de actividades. Segundo informa a Secretaría Xeral de Modernización, responsábel da súa posta en marcha (no seo do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, en Santiago), dende o comezo da súa andaina, o pasado mes de xullo, un total de 17 empresas TIC do noso país deron conta dos seus recursos nunha serie de xeiras profesionais que conseguiron agrupar a centos de representantes do noso tecido económico.

Segundo engade Modernización, máis de 200 profesionais participaron nas actividades do Centro e se achegaron coñecer as súas instalacións. Polo que atinxe ao número de solucións presentadas, dicir que foron un total de 19. A xuízo dos responsábeis do espazo de demostración, esta cifra pon ás claras a

gran potencialidade das nosas empresas no mercado, achegando servizos innovadores que marcan un antes e un despois da vangarda tecnolóxico-dixital, e tamén evidencia a utilidade do propio centro como escape-rate-obradoiro-lanzadeira do que aquí se fai.

As nosas empresas, tras a súa participación como entidades demostradoras, deron unha nota moi positiva do centro: un 37% das empresas expresaron un grao de satisfacción moi alto e un 47% alto.

En canto ás firmas asistentes, o 11% pertencen ao sector TIC, pero tamén estiveron representados outros sectores como o da administración pública (7%), o sanitario (3%), o audiovisual (4%), o da metalurxia (3%) e o de transporte e loxística (2%), entre outros.

As actividades desenvolvidas, informa Modernización, tiveron na súa maioría un carácter transversal, dirixidas a todos os sectores produtivos de Galicia aínda que tamén se presentaron



Captura da web do Centro Demostrador TIC

produtos dirixidos a sectores concretos como o do turismo náutico, o sector educativo, a xestión de residuos e a loxística industrial. Exemplo disto foi a participación de PortoMelo, Wireless Galicia e o Grupo GSI (Universidade de Santiago), que presentaron, ombro con ombro e a través dun consorcio, unha plataforma de integración de servizos especializados orienta-

dos ao sector do Turismo Náutico. Tamén se deu a coñecer, nun plano educativo, o encerado interactivo sen sombra, unha superficie de proxección que permite un emprego triplo: como pantalla convencional de proxección, encerado para uso con rotuladores e encerado interactivo con dispositivos de infravermellos ou ultrasóns, orientada aos sectores de docencia e discapacidade, deseñada e presentada por José Juan Nimo Silva.

A xestión de residuos, engade Modernización estivo presente na sesión demostradora de Teixeira, a primeira plataforma global dispoñible na rede Internet para o sector de Xestión de Refugallos. Foi creada pola empresa Teimas para dotar a produtores, recolletores-transportistas e xestores de residuos das ferramentas precisas para unha correcta xestión dos seus residuos e por outra banda, crear unha rede social "sectorial" a nivel estatal e global no eido da xestión de residuos. Outro exemplo da aplicación loxística neste caso da área industrial foi a presentación de Elastics, unha familia de solucións, desenvolvida por Imatia Innovation, para diferentes tamaños de empresas, de acordo ás necesidades TIC das mesmas.

PRÓXIMAS ACTIVIDADES

Solucións Tecnolóxicas para a Industria Agroalimentaria

Tipo de actividade: Xornadas demostradoras

Data: 9 Febreiro 2012

Destinatarios: Industria Agroalimentaria

Solucións Tecnolóxicas para a Industria da Pedra e Rochas ornamentais

Tipo de actividade: Xornadas demostradoras

Data: 1 Marzo 2012

Destinatarios: Industria da pedra e rochas ornamentais

Solucións Tecnolóxicas para a modernización da Industria do metal

Tipo de actividade: Xornadas demostradoras

Data: 22 Marzo 2012

Destinatarios: Industria do metal

Solucións Tecnolóxicas para a modernización do Pequeno Comercio

Tipo de actividade: Xornadas demostradoras

Data: 19 Xullo 2012

Destinatarios: Empresas e autónomos do pequeno comercio

Solucións Tecnolóxicas para a modernización do sector da Acuicultura

Tipo de actividade: Xornadas demostradoras

Data: 28 Setembro 2012

Destinatarios: Empresas do sector da acuicultura

MELLORAS NO MOTOR GALEGO DE CÁLCULO

Emetel, encargada da mellora da seguridade de Centro de Supercomputación de Galicia, o CESGA



emetel

EMETEL
SOLUCIONES Y SERVICIOS
CLIENTES
CASOS DE ÉXITO
COLABORADORES
RECURSOS HUMANOS
NOTICIAS Y EVENTOS
ÁREA DE PRENSA
CONTACTO



818 Fth Avenue, NY

Actualidad



26.12.2011
Emetel, responsable de la seguridad del Centro de Supercomputación de Galicia



13.11.2011
Emetel concluye sus Descargas Tecnológicas 2011 con Movilidad y Seguridad



27.10.2011
Emetel asegura el acceso a los servicios del Ayuntamiento de A Coruña remodelando sus dos centros de proceso de datos

TECHNOLOGICAL CULTURE

Evolucionamos, compartimos nuestras costumbres, aprendemos y disfrutamos en el viaje de la tecnología.

Suscríbete al boletín de Noticias

SU NOMBRE

EMAIL

A empresa galega Emetel, especializada en desenvolvemento de novas tecnoloxías, vén de resultar adxudicataria do concurso público do novo sistema de seguridade perimetral do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). A través desta convocatoria cunha base de licitación de 177.000 euros, sinala Emetel nun comunicado, a compañía afrontará a renovación dos servizos de seguridade do dito Centro, elementos de especial relevancia nas instalacións do CESGA, tanto por infraestruturas (dá acubillo a algúns dos supercomputadores máis potentes do mundo) como polo elevado número de persoas e entidades que tiran partido dos seus servizos. A través da achega de Emetel, "adquírese unha protección axeitada para garantir a seguridade dos sistemas de información e dos seus usuarios", permitindo manter estes mesmos niveis de salvagarda dos datos e das comunicacións se algún dos devanditos usuarios traballa a distancia.

O labor de Emetel terá unha importancia ben salientábel, e máis se temos en conta que o CESGA é o motor computacional e de cálculo dunha boa parte da nosa comunidade científica, académica e tamén empresarial. A través do Centro, informa Emetel, "as tres universidades galegas obteñen a súa conexión a Internet, polo que calquera persoa que se conecte a algún dos sete campus realmente farao a través dos seus servidores, ao que cómpre engadir a gran cantidade de empresas que están adscritas

ao Centro para facer uso dos seus equipos". Este volume de usuarios e a importancia cada vez maior do seu papel na boa marcha do noso desenvolvemento innovador, o CESGA levou a cabo recentemente unha mellora na capacidade dos accesos das súas comunicacións, cousa que, á vez, precisa dunha posta a punto axeitada dos seus sistemas de seguridade. Aí entraría en xogo Emetel, que, segundo avanza Manuel Lago, o seu director xeral, "aplicará nos traballos a desenvolver no CESGA os maiores estándares de seguridade, un proxecto que arestora atópase en proceso de optimización e que, entre outras cousas, achegará as mellores cotas posíbeis de versatilidade ao garantir a independencia dos servizos e a total dispoñibilidade mediante o Centro de

Servizos e Soporte de Emetel".

Entre os aspectos sobre os que incide a proposta da empresa galega figuran o firewall (que controla o tráfico de rede e favorece a protección contra ataques, o control dos usuarios e a xestión da lonxitude de banda), o Sistema de Prevención de Intrusos (que garante unha ligazón limpa e realiza un primeiro nivel de prevención de posíbeis ataques) e o terminador de túneles SSL (que ofrece accesos seguros a través dun portal web permitindo o emprego dos recursos segundo usuarios, centros e necesidades particulares). Polo que respecta aos beneficios do proxecto de Emetel, salientamos os seguintes:

• **Melloras na seguridade.**

Tanto perimetral, administrando a seguridade nos accesos de todos os centros, empresas e institucións ao CESGA, incrementando os niveis existentes até o de agora, como de contidos, posibilitando habilitar servizos de antivirus, anti-spam, control de aplicacións e filtrado de URLs.

• **Melloras da xestión.** Coa posibilidade de despreparar cortalumes virtuais administrados por cada centro de xeito autónomo cara ao propio CESGA.

• **Mellora da accesibilidade aos servizos.** Dende Internet grazas á creación dun portal web seguro e dende as instalacións do propio CESGA, en virtude da posibilidade de xestionar puntos de acceso Wi-Fi (até 1024) coa mesma infraestrutura.

A EGAP SINALA O CAMIÑO A SEGUIR

Suso Baleato sinálanos un exemplo de boas prácticas dende unha plataforma web pública galega

Na comunidade tecnolóxica estamos tan afeitos á esaxeración e á grandilocuencia nas presentacións que as institucións adoitan facer dos seus proxectos tecnolóxicos que, ao final, optamos por non prestar atención ou observar dende a distancia e o escepticismo os novos lanzamentos cando saen á luz. O tradicional illamento e a obsolescencia que as iniciativas tecnolóxicas gobernamentais acostuman amosar, engadido aos habituais problemas de accesibilidade ou compatibilidade de estándares, acaban por inhibir a nosa participación e valorar negativamente esas iniciativas, sufragadas ademais cos nosos impostos.

Porén a posta en marcha da nova plataforma web da Escola Galega de Administración Pública, a nosa EGAP, á vista en egap.xunta.es, destaca xustamente por todo o contrario. Non se trata tan só da seriedade que caracterizou a súa elaboración, da que teño constancia, ou da mesura na súa presentación. Trátase de que, en troques de disimular con deseños superfluos e artificiosos a carencia real de contidos, a EGAP pon ao alcance das nosas mans xigabytes de conferencias, cursos e presentacións en formato multimedia, duplicando e perpetuando así o valor das actividades formativas e divulgativas previamente realizadas pola Escola.

Trátase de que, en troques de reproducir na web as inercias e rixideces propias das burocracias administrativas, a EGAP retransmite eventos en directo, ábrese á interacción a través das redes sociais e ofrece un modelo de transparencia e accesibilidade tan necesario como infrecuente no noso país.

En conclusión, do que se trata é de que a web da EGAP amosa o salto cualitativo que a nosa administración pública pode e

debe dar, unha vez cruzado xa o albo do século XXI, sinalando o camiño do que debe ser un goberno electrónico aberto, transparente e participativo. Ogallá que o exemplo comece a estenderse nas restantes plataformas tecnolóxicas públicas ao tempo que retórica grandilocuente á que tan afeitos estamos comece a ser substituída por avances reais e servizos útiles para a cidadanía. Ogallá que o lema do director da EGAP "Formar para servir", acabe converténdose nun "Gobernar para servir" no ámbito das nosas iniciativas tecnolóxicas. No entanto, e con estes bós desexos para darlle a benvida ao 2012, permítanme convidalos a visitar a nova web da EGAP: de seguro, non lles defraudará.

Suso Baleato, Tecnólogo



Aspecto xeral da plataforma web da EGAP

Acceso ao material formativo dende egap.xunta.es

Na presentación da nova web da Escola, celebrada a comezos deste 2012, o director da EGAP anunciou que, entre outras cousas, a ferramenta en liña facilitaría todo o material formativo e informativo do que dispón. A nova páxina, sinalou, permitirá aos cidadáns ter acceso a máis de 11.000 contidos, nos que se inclúen vídeos, imaxes, audios, textos, presentacións de diapositivas e artigos, etc. Asemade, poderán participar con opinións a través das redes sociais: [Twitter](#), [Facebook](#) ou [YouTube](#). O director da Escola salientou que unha das finalidades da nova andaina en liña é fomentar a participación da comunidade internauta.

Respecto ao interese que suscitan os temarios que se poñen a disposición das galegas e os galegos na devandita páxina, dicir que dende comezo das publicacións na páxina web da Escola, amorearon un total de 130.000 descargas e 84.000 usuarios únicos.

Melloras no sistema de interpretación da lingua de signos

A información máis preto

A Administración autonómica comeza o novo ano cun importante feixe de novidades TIC

Melloras no servizo de videointerpretación en lingua de signos

No noso país hai máis de 84.000 persoas que teñen algún tipo de discapacidade auditiva e que precisan dunha tecnoloxía especial para poder comunicarse por videoconferencia.

Para este colectivo, a Secretaría Xeral de Modernización estreou en abril de 2011 un servizo de videointerpretación en lingua de signos, que dende entón ofrece de xeito presencial no Rexistro Xeral da Xunta e das delegacións a través da web corporativa.

Agora esta ferramenta, que ofrece a mesma información que o teléfono 012, vén de ser mellorada e perfeccionada e, entre outras cousas, xa facilita as conversacións a tres, é dicir, tanto a persoa xorda como o interprete e o funcionario pódense ver en tempo real, mellorando a fluidez da comunicación.

Asemade permite outras funcionalidades que antes non

permitía, tales como que o funcionario poida ensinar á súa cámara un determinado documento de forma que o interprete comprenda e transmita á persoa xorda as indicacións pertinentes, e tamén achega máis calidade de imaxe acorde cos últimos avances en codificación de vídeo e audio sobre Internet.

Ademais do sistema especial BildTEC que hai dispoñible unicamente no Rexistro Xeral de San Caetano, as persoas con discapacidade auditiva poden usar a videointerpretación a través da web da Xunta, xunta.es. Neste caso o usuario precisa dun ordenador con webcam co que contactará co servizo de videointerpretación indicando a persoa, entidade ou servizo co que desexa facer a súa consulta. Empregando unha liña paralela, o videointérprete contactará co destinatario e lle indicará que se vai a establecer a comunicación. A partir dese momento o videointérprete actuará de ponte entre a lingua de signos e a lingua oral, permitindo así

a comunicación entre a persoa xorda e a persoa oínte.

Á vista o Portal do investidor

Din os especialistas en economía que sempre é un bo momento para investir, e que con moito tino e mellor man, a sorte sempre está do noso lado. Se a isto lle engadimos unha web funcional, con información de utilidade sobre orzamentos, bolsas de valores, mercados de divisas, estratexias de inversión e todo tipo de datos sobre economía, o éxito está case asegurado. Isto último é o máis doado que o Goberno galego ten na súa man para axudar aos e ás investidoras: unha web que achegue información de utilidade e contacto cos sitios máis interesantes, que porá en marcha ao longo deste ano.

Falamos do Portal do Investidor, que terá como obxectivo, en palabras do director xeral de Política Financeira e Tesouro, Manuel Galdo, "incrementar a

transparencia coa cidadanía en xeral e cos investidores de débeda pública en particular".

Galdo explicou que con esta ferramenta, que por certo estará en galego, castelán e inglés, preténdese que, en momentos de elevada complexidade e inestabilidade financeira, "a situación de Galicia, das mellores das comunidades autónomas, poida ser perfectamente coñecida e analizada polos investidores, diferenciándose de maneira positiva en termos de solvencia, prudencia e austeridade".

O portal, que estará asociado a páxina web institucional a través dunha ligazón, aglutinará datos madroeconómicos, financeiros, orzamentarios e institucionais, a modo de ferramenta en liña concibida para a información e consulta especializada.

Á dereita, captura da web de Igualdade

74 consultas no servizo en liña para vítimas da violencia de xénero

Dende que a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta puxo en marcha o seu servizo xurídico en liña para mulleres e vítimas de violencia de xénero (alá por outubro do ano pasado), este organismo rexistrou tralo primeiro trimestre en funcionamento un total de 74 consultas. Este servizo, accesible de balde a través de Igualdade.xunta.es, ten como obxectivo salvar as reticencias que se producen en moitos casos á hora de solicitar de xeito presencial asesoramento sobre violencia de xénero, así como axilizar os trámites a seguir e mellorar a comunicación coas vítimas.

A través deste servizo, as mulleres dispoñen dunha plataforma para acceder a información e asesoramento sobre os seus dereitos (que as máis das veces descoñecen) que facilite a adopción das decisións máis axeitadas en cada momento e atalle os trámites xudiciais a seguir.

Desta maneira, o servizo xurídico online da Secretaría Xeral de Igualdade ofrece resposta en tempo real a consultas sobre lexislación, violencia de xénero, conciliación, dereito de familia, agresións ou acoso sexual, entre outras, asegurando a confidencialidade.

Malia que as principais usuarias deste servizo foron mulleres (un total de 58), tamén se rexistrou a consulta de 16 homes, o que demostra que é un problema que abrangue a toda a poboación e que preocupa

cada vez máis á cidadanía.

Debullando os datos rexistrados neste primeiro trimestre temos que, por provincias, o maior volume de consultas procede da Coruña con 35, seguida de Pontevedra con 23, Lugo con 9 e Ourense con 4, ás que se engaden 3 doutras comunidades autónomas. Por tramos de idade, as persoas de 36 a 45 anos representan o 31 por cento das persoas usuarias, seguidas de preto polas de 26 a 35 anos.

Teletradución a 51 idiomas para Santiago de Compostela

Dun tempo a e esta parte, calquera muller da nacionalidade que sexa que pete na porta Centro de Información á Muller de Santiago de Compostela para solicitar a súa axuda, poderá facelo practicamente sen ningún tipo de barreira idiomática, pois esta entidade vén de incorporar un servizo de teletradución a 51 idiomas distintos, que permitirá mellorar a atención ás mulleres e vítimas de violencia de xénero.

O servizo entrou en funcionamento ao abeiro dun convenio de colaboración asinado hoxe entre Igualdade e o Concello de Santiago, nun acto no que unha usuaria de orixe romanésa, demostrou in situ o funcionamento da aplicación.

Segundo informan dende a Secretaría da Igualdade, esta entidade decidiu facer extensiva a teletradución á rede de CIMs de Galicia "despois de acreditar, durante un ano, a súa utilidade no Teléfono de Información á

Muller", e anunciou que fará extensivo este servizo de balde ás casas de acollida e ONGs que o soliciten.

Ata o de agora, xa son 45 o total dos CIMs que manifestaron o seu interese por adherirse ao sistema de teletradución, que na capital galega xa está operativo tamén en Cáritas e Médicos do Mundo.

A través da plataforma de teletradución, as mulleres que descoñecen a nosa lingua e precisan algún tipo de axuda por

Segundo informan dende a Xunta, o proceso de consolidación levarase a cabo "de xeito gradual", integrando a 8 consellerías a finais de 2012 e o resto de organismos e departamentos TIC nun prazo máximo de catro anos.

Desta maneira, un total de 558 profesionais da escala de tecnoloxías da información que desempeñan as súas funcións nos distintos departamentos da Xunta, traballarán nun proxec-

A técnica do Centro de Información á Muller de Santiago atende ás usuarias do servizo



parte da Administración, terán a seguridade dun acceso axeitado á información e aos recursos psicoñicos, sobre atención psicolóxica, prestacións económicas, centros de acollida ou asesoramento xurídico, entre outras cousas, na súa propia lingua.

A AMTEGA comezará a funcionar nun prazo de dous meses

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA, que estará funcionando nun prazo de dous meses, permitirá unha maior eficacia e unha redución de gasto na Administración, ao integrar os recursos humanos, materiais e orzamentarios da área tecnolóxica de todas as consellerías e diferentes entidades departamentais da Xunta, baixo unha mesma dirección e con custe cero.

to tecnolóxico único baixo a dirección da Axencia, que tamén xestionará o orzamento global tecnolóxico da Administración galega.

Isto suporá a supresión de, polo menos, 15 departamentos administrativos cuxas competencias se atopan replicadas dentro da Xunta e, consecuentemente, unha redución de entre o 25 e o 30 % dos custos de mantemento, adquisición de sistemas e infraestruturas tecnolóxicas, e ata un 23% en estrutura de persoal.

A reorganización organizativa que implica a Axencia permitirá, asemade, "que no 2014 se teña acadado unha redución de arredor do 50% en custos en coordinación de proxectos", un aforro ao que o Goberno lle engade o que se acade coa posta en marcha da futura Axencia do Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI), "que integrará as funcións dos máis de 80 CPDs existentes ata o de agora acadando un aforro anual de 3 millóns de euros".



OBXECTIVO COMÚN: A FIN DA CRISE

Jorge Cebreiros, presidente de Ineo, emitiu coa chegada do novo ano un chamamento a traballar xuntos, dende as TIC, a prol do medre de Galicia

Rematamos o 2011 no medio dunha crise que parece sementar de incógnitas o horizonte empresarial. Un escenario no que debemos aproveitar para demostrar que estamos dispostos a facer todo o que estea nas nosas mans para reverter a situación. As Administracións, os axentes sociais e, sobre todo, as empresas temos que sumar esforzos e demostrar que somos capaces de gañar competitividade e reforzar a nosa posición nos mercados.

As empresas temos a responsabilidade de liderar o cambio no concepto empresarial para dirixilo cara a un modelo produtivo baseado no coñecemento e a innovación como alicerce da competitividade. Non podemos permitirmos que o investimento en I+D siga retrocedendo como o fixo no último ano. As empresas do sector TIC contamos con grandes bazas para demostrar que, con traballo e ilusión, podemos reverter esta tendencia de pesimismo que quere apoderarse da contorna empresarial.

O 2011, foi un ano de intenso traballo para Ineo. Durante o último exercicio, seguimos reforzando a nosa posición como referente asociativo empresarial do sector TIC en Galicia e adquirindo representatividade para as nosas empresas nos principais organismos empresariais tanto a nivel autonómico como a nivel nacional. Mantivemos a colaboración como un dos piares estratéxicos da asociación ampliando os acordos con outras entidades e estreitando lazos coas asociacións empresariais do noso propio sector e, por suposto, do resto de sectores empresariais funcionando como asesores en materia TIC e

“As empresas do sector TIC contamos con grandes bazas para demostrar que, con traballo e ilusión, podemos reverter esta tendencia de pesimismo que quere apoderarse da contorna empresarial”

abrindo novos mercados para as nosas empresas. Co mesmo obxectivo apostamos decididamente pola internacionalización dos nosos socios participando en diferentes misións de carácter comercial e para a transferencia de tecnoloxía.

Asemade, investimos en futuro para as nosas empresas, en innovación e en formación. O labor de asesoramento aos nosos socios en materia de financiamento e titorización de proxectos foi moi intensa e constituímonos como oficina de proxectos recoñecida como Axente PIDI do CDTI e Axente Pescaplus. Nesta mesma liña de traballo puxemos en contacto a empresas e centros de investigación para presentar proxectos de calidade aos Fondos Interconecta (que finalmente se puideron adaptar ás características do universo TIC de Galicia).

En definitiva, seguimos traballando internamente por mellorar as capacidades dos nosos socios, ofrecéndolles cada vez un maior número de servizos de calidade adaptados ás súas demandas e cumprindo co importante papel que xogamos as asociacións empresariais para a promoción das empresas. Todo iso procurando a mellora continua e atendendo tamén á nosa imaxe de cara ao exterior reforzando a nosa identidade corporativa e achegando maior visibilidade á asociación e ás nosas empresas.

Ademais, como organización empresarial seguimos acometendo unha renovación profunda que comezamos xa no 2010 coa elaboración do Plan Estratéxico 2011-2014 e que continuamos durante este ano coa reforma das estruturas reguladoras da asociación para adaptalas aos novos retos que se nos presentan por diante.

Estreamos o 2012 co noso primeiro *Socio de Honra*, a Consellería de Economía, e co apoio dun Consello Consultivo no noso obxectivo principal: seguir traballando para facer fronte ás dificultades e conseguir un novo ano cargado de oportunidades. Para iso contamos co esforzo e a dedicación dos

órganos directivos da asociación e o decidido traballo do noso persoal.

O último ano foi intenso na procura de oportunidades de negocio para as empresas asociadas e sobre todo na promoción de iniciativas innovadoras de alto valor e que consigan situar aos socios en proxectos de envergadura que atraian a maior cantidade posible de fondos e achegar valor á rexión.

Cremos que é o camiño axeitado para avanzar e axudar ás nosas empresas nos próximos anos. As necesidades, as oportunidades, a colaboración, necesariamente pasan por xuntar esforzos de todos. Cada peza ten un valor determinante. Seguir avanzando pasa por ti.

Jorge Cebreiros
Presidente de Ineo



ACUBILLOS DE LETRAS

As TIC galegas contribúen á consolidación de pontes lingüísticas e á promoción da lingua

Imaxin e Priberam selan unha alianza

A alianza selada recentemente entre a firma galega Imaxin e a portuguesa Priberam dirixese a crear unha ponte empresarial, lingüística, informática e cultural. Así nolo fixeron saber as dúas compañías durante a presentación do seu acordo, celebrado na nova sede de EGANET na rúa do Pombal de Santiago, nun acto que contou (entre outros) coa presenza de José Ramon Pichel (Imaxin), Carlos Amaral (Priberam) e Víctor López (presidente de EGANET), e no que houbo un pouco de todo: dende un percorrido polas accións pasadas, presentes e futuras das dúas empresas até un impresionante punto e final cun man a man musical entre Ugja Pedreira e Fred Martins. Segundo fixeron saber Pichel e Amaral, esta alianza é máis que nunca unha suma de experiencias. Do que se trata é de unir forzas (as súas longas traxectorias no eido lingüístico-tecnolóxico) para favorecer a busca de actividade exterior das empresas nunha longa listaxe de mercados emerxentes, incluídos algúns que nos tocan ben de preto, como Brasil.

Segundo engadiron, estamos a falar dunha iniciativa conxunta sen precedentes neste sector da enxeñaría lingüística na Península Ibérica, unha actividade que suporá unha ocasión de primeira para “contribuír á internacionalización doutras empresas de toda a Península, propoñéndose como unha solución aos atrancos de espallamento que moitos negocios precisan no contexto actual, achegándose ferramentas que contribúan ao seu medre”, dixeron. A experiencia das dúas firmas é o alicerce común no que se apoia o proxecto: por unha banda os quince anos de

traxectoria de Imaxin fornecendo a xigantes como Microsoft de ferramentas de tradución e corrección, entre outras, e por outra banda as máis de dúas décadas de Priberam, hoxe en día un referente empresarial no sector TIC do país irmán, achegando dende Lisboa servizos de tradución automática, buscadores intelixentes ou dicionarios dixitais.

Xa nun plano máis específico, o acordo encamiñase á explotación de produtos e servizos para tódalas variantes do galego-portugués e do castelán-español no mundo (español de Europa e Latinoamérica e as variantes de portugués de Europa, Galiza e Portugal, de Brasil e de Angola), tradución automática, buscadores, recursos de corrección ortográfica e dicionarios electrónicos.

Vitaminas para o galego acadada na Rede unha mancha de apoios

Toca falar de novo dunha iniciativa galega que tira o máximo partido das redes para facerse forte: [Vitaminas para o galego](#). Trátase dunha campaña que se nutre de todo tipo de apoios en liña para, á súa vez, apoiar outras iniciativas: o mantemen-



Presentación do acordo entre Imaxin e Priberam na sede de EGANET en Santiago

to e posta en marcha de novos medios en galego. Pois ben, a campaña en cuestión superou case dúas veces as expectativas de recadación.

Así nolo contan os seus promotores (un grupo de medios galegos comprometidos coa nosa lingua), que engaden que a campaña está xa nunha segunda fase de traballo logo de un mes de vida “amosando que existe unha demanda real de medios na lingua propia de Galicia”. Deste xeito, e para facérmolos unha idea do éxito, o obxectivo inicial de reunir 3.300 euros na primeira fase do programa viuse totalmente superado polo apoio xeralizado da comunidade internauta galega, que xa achegou 6.300 euros en doazóns a través de Internet, polo de agora.

Cómpre lembrar que Vitaminas para o galego vén da man de dezanove medios e plataformas de comunicación, entre os que se inclúen Novas da Galiza,

Tempos Novos, Praza Pública ou Radiofusión, entre outros. Vitaminas naceu co convencemento de que o galego non sobrevivirá se non se editan medios na lingua. A primeira fase dirixiuse a recadar cartos a través da plataforma de financiamento social en liña Verkami, traducida ao galego para a ocasión. Todo o diñeiro que se consiga irá encamiñado a sufragar a propia campaña e máis o mantemento dos medios colaboradores.

Preparan o lanzamento dun novo medio dixital en galego

A desaparición de publicacións en galego nos quioscos parece que vai camiño de compensarse na Rede, e así como o vindeiro 1 de febreiro veremos o nacemento de Praza Pública ([praza.info](#)), agora sabemos de que un novo medio de comunicación dixital en galego coñecido coma Dioivo está a ultimar o seu lanzamento.

Dioivo ([dioivo.eu](#)) funcionará baixo a forma dunha asociación cultural (financiada a través de cotas de socios dun mínimo de 20 euros/ano) e pretende achegar reportaxes, crónicas, entrevistas, blogs, humor gráfico, vídeo, opinión... e polo momento non se coñece a data na que este proxecto verá a luz, aínda que si está vivo na Rede a través dunha serie de vídeos promocionais.

eDepo, a Administración nun "CLICK"

(3ª parte)



A Deputación de Pontevedra implanta un novo CPD para mellorar a prestación de servizos telemáticos aos cidadáns, aos concellos da provincia e a propia institución

Nos últimos anos a Deputación de Pontevedra está a levar a cabo un proceso de modernización tecnolóxica, liderado dende o servizo de Novas Tecnoloxías, que está a colocar a este organización dentro das Deputacións máis avanzadas de España.

Este proceso, impulsado pola aprobación da LEI 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, provocou un rápido crecemento das plataformas tecnolóxicas dentro da institución o que desembocou na necesidade de iniciar un proceso continuo de renovación de infraestrutura tecnolóxica. Esta necesidade paliase grazas a construción dun novo Centro de Proceso de Datos (CPD) normalizado que permite centralizar e albergar adecuadamente o corazón tecnolóxico da Deputación de Pontevedra.

Este novo CPD presta servizo a 500.000 cidadáns e 3.000 funcionarios da propia Deputación e dos concellos da provincia cubrindo desta forma as necesidades de todos os centros e organismos autónomos da Deputación a os concellos da provincia de Pontevedra.

Entre as innumerables vantaxes que aportará este novo CPD cabe salientar:

- Dar **aloxamento a toda a infraestrutura hardware** do proxecto eDepo.

- Ser o **centro neuráxico de todos os servizos** que ofrecerá a Deputación.

- Acadar a **optimización dos custos de mantemento e redución dos elementos físicos**, o cal se traduce nunha maior axilidade dos procesos e máis flexibilidade.

- **Mellorar a produtividade da tecnoloxía utilizada**, sendo esta común para todas as organizacións (p.e. virtualización).

- **Aumentar a axilidade nas operacións**: persoal 24x7 operativo para todas as dependencias.

- **Incrementar a escalabilidade sen agregar complexidade**: o equipamento adquirido poderá ser empregado para todos os Organismos e Concellos. O custo de "ampliar" os sistemas para novos centros é considerablemente inferior a se se adquirise por separado.

- **Lograr unha maior eficiencia enerxética**, reducindo de forma significativa o consumo eléctrico e as necesidades de refrixeración.

- Proporciona **maior interoperabilidade** entre organizacións: os sistemas e equipos son os mesmos, reducindo así mesmo os custos de mantemento.

- Protexer o investimento mediante a **implantación de infraestruturas baseadas en estándares do sector** (TIA 942).

- **Simplificar a continuidade do negocio** e a recuperación ante desastres.

- **Garantir os servizos ós cidadáns**:

- Salvagarda de datos
- Continuidade de procesos e servizos críticos
- Alta dispoñibilidade dos servizos.

O CPD unificado da Deputación de Pontevedra contará cun CPD de respaldo o que permitirá garantir nun 99,9% a dispoñibilidade dos servizos prestados pola Deputación.

Por outra banda, é importante salientar que toda a infraestrutura da Deputación basease na plataforma VMWARE VSPHERE 5, que en conxunción co sistema VPLEX de EMC permite xestionar ambos CPD como se foran un. Isto se consegue definindo granxas de servidores e almacenamento con equipos en ambos CPD, garantindo desta forma que, ante unha caída total do CPD principal, o servizo poderá ser prestado a través dos equipos situados noutro centro.

A continuación enuméranse as principais características do novo CPD.

Características Construtivas

O CPD está situado nun espazo de 75 metros cadrados divididos en dúas áreas ben definidas e fisicamente:

- **A sala de proceso de datos** dispón de control de acceso estrito e vídeo vixilancia e conta cos "racks" de servidores, unidades de almacenamento de datos e equipos de comunicacións. Para a distribución do equipamento, optouse por a instalación dunha cabina cerrada composta por varios "racks". A sala dispón dun espazo non utilizado actualmente que permitirá o crecemento dun 30% das necesidades de equipamento.

CPD ÚNICO INFRAES. APROPIADA SI	REFRIGERACIÓN APROPIADA E REDUNDANTE SI	SISTEMA ELÉCTRICO GRUPO ELÉCTRÓXENO SI
EXTINCIÓN DE INCENDIOS PARA CPD SI	CONTROL DE ACCESOS SEGURIDADE SI	CPD DE RESPALDO EN CDP SI
REPLICACIÓN DE DATOS ENTRE CPD E CPD SI	TEMPO DE RESTAURACIÓN ANTE CATASTROFES SI	ALTA DISPONIBILIDADE VMWARE + VSPHERE 5 SI

•A sala técnica, contigua á sala de proceso de datos, conta con todos os equipos de infraestrutura de soporte (sistema de alimentación ininterrompida, cadros eléctricos, sistemas de extinción, etc.).

Características da instalación eléctrica

Co fin de dispor dun subministro de enerxía fiable o CPD dispón dunha instalación eléctrica para que a totalidade do

debidamente pechado para evitar a recirculación do aire quente. O sistema está composto por catro unidades de 20kW de potencia frigorífica conectadas a dous unidades exteriores para garantir o subministro en caso de continxencia.

A sala técnica conta con dúas unidades redundantes de 10,6 kW de potencia que teñen como cometido garantir as condicións ambientais para o bo funcionamento do equipamento instalado.

Características do sistema de detección e extinción de incendios

O CPD dispón dun sistema de detección precoz por aspiración (VESDA) con lector de tecnoloxía láser con sensibilidade dende 0,005% o que permite a identificación precoz dun posible fogo no CPD. Para a extinción de incendios optouse pola utilización de gas inerte por tratarse dun sistema máis respectuoso co medio ambiente.

Características do sistema de monitorización

Coa fin de controlar e xestionar en tempo real todos os parámetros ambientais e de consumo enerxético, o CPD conta cun sistema de monitorización de última xeración que garante o cumprimento da medición de eficiencia enerxética PUE3.

O sistema de monitorización instalado permite realizar medicións reais por cada unha das saídas das "PDU" instaladas, ademais de permitir o acendido e apagado remoto de cada unha delas. O sistema se completa cunha rede de sensores de humidade e temperatura que permiten a toma de decisións en cada momento baseadas en datos reais, producindo aforros enerxéticos e económicos moi significativos.

Características do sistema de cableado

O CPD esta dotado dunha infraestrutura de cableamento de cobre e fibra óptica que permite realizar de maneira rápida e segura os enlaces necesarios para a asignación dos servizos de conectividade que se precisen en cada momento. A Deputación elixiu para realizar este cableamento estruturado unha solución de Categoría 6A do fabricante "Commscope", que actualmente é o subministrador principal dos CPDs de referencia en España (BBVA, Banco Santander, Telefónica, etc.).

Características do sistema de control de acceso e vídeo vixilancia

O novo CPD conta cun sistema de control de acceso e vídeo vixilancia que permite definir e establecer criterios de acceso restrinxido para as dúas áreas que o compoñen. O sistema instalado está integrado co resto dos sistema de control de acceso e vídeo vixilancia que actualmente están operando nos distintos locais da Deputación de Pontevedra, mantendo desta forma unha xestión unificada dos datos.

En definitiva, o novo CPD da Deputación de Pontevedra cumpre con todos os requirimentos dun centro de proceso de datos de última xeración que garante a seguridade e a alta dispoñibilidade dos servizos, ademais de permitir a súa escalabilidade. Isto permítelles á Deputación e os concellos da provincia colocarse á vangarda da prestación de servizos telemáticos, tanto na actualidade coma no futuro, o que redundará nunha maior eficiencia e calidade nos servizos prestados aos cidadáns, aos concellos da provincia e á propia institución.

Esta separación garante o control de acceso a cada sala unicamente por persoal autorizado. Ademais, grazas a instalación dun cerramento de paneis modulares auto portantes se garante que a totalidade do recinto conta coas seguintes proteccións:

•**Protección fronte a incendios:** nivel de protección F90 de acordo a DIN 4102-2 (EN 1363).

•**Protección fronte o acceso non autorizado** en elementos construtivos de paredes, sistema de portas e comportas de acordo con EN1627, clase de resistencia WK2.

•**Impactos:** test impacto de acordo DIN 4102 (15-20Kg desde 20cm) e test de impacto de acordo a EN1047-2 (1 x 200g desde 1.5m)

•**Estanquidade fronte a auga e gases:** de acordo a EN60529, IP56 en todos os elementos construtivos.

equipamento conte cun dobre subministro eléctrico proveniente de dous embarrados distintos. Cada un dos embarrados está protexido por unha "SAI" ampliable con una configuración inicial de baterías que soportan durante 10 minutos una potencia de 60kW + 30 kW por cada unha das mesmas. Ante a imposibilidade de instalar dobre acometida de subministro eléctrico instalouse un grupo electrógeno de emerxencia de 140kW de potencia con autonomía de 24 horas, que subministrará enerxía ao CPD en caso de fallos de subministro da compañía eléctrica.

Características do sistema de refrixeración

Para a optimización da eficiencia enerxética do sistema de refrixeración da sala de proceso de datos, instalouse un sistema redundante de expulsión directa ao corredor frío, estando este

POR 1 DEPOR EN GALEGO

Máis en www.paxinasgalegas.es

QUEREMOS QUE O DÉPOR FALE GALEGO!

LINGUA 2.0

GALEGOLAB PECHA 2011 CON 34 IDEAS A PROL DA LINGUA E MÁIS DE MIL USUARIOS

A plataforma Galegolab.org, dirixida a empregar a Rede para a normalización da nosa lingua, na propia Rede pero sobre todo nos eidos da nosa vida onde aínda está pendente de normalizar, rematou 2011 facendo reconto dos froitos recollidos ao longo dos doce meses previos. En total, foron catorce proxectos os desenvolvidos a raíz de GalegoLab, proxectos que teñen todos en común o valor de levar o galego a onde xa non se usa, ou onde non se usou nunca, e que se converteron en realidade grazas ao traballo, man con man, dos membros da comunidade en liña: en total, 1.015 internautas a día de hoxe. No que respecta ás pre-iniciativas, esas propostas que comezan a camiñar e están a piques de botar a correr, a plataforma ten agora un total de 34 ideas a prol do galego.

Os proxectos máis que se desenvolveron na páxina ou que agora están en marcha son:

- **Pinchada de música**, toda en galego, que se fixo en Vigo en setembro do ano pasado.
- **24 horas galego fullscreen**, un concurso de vídeos nos que os participantes relataban como

era para eles un día en galego e no que o gañador foi Co galego... ata o inferno.

- **Fútbol galego**, fútbol en galego busca que o equipo de fútbol da Coruña, o Dépor, comece a usar o galego nas súas comunicacións.

- **Memoria Pixelada** é un blog sobre videoxogos na nosa lingua, para o que o seu coordinador atopou en GalegoLab tres colaboradores.

- A galega para 145 millóns de usuarios e **A lingua galega máis alta no Twitter**, dúas

iniciativas que colocaron a etiqueta #galega entre os temas do momento na rede social

Twitter o 6 de outubro e o 17 de decembro de 2010, para conmemorar o aniversario do primeiro mitin político en galego e o cabodano da execución de Pardo de Cela, respectivamente.

- **Guías de viaxes en galego e por galegos**, os voluntarios apuntados están escribindo guías de viaxes sobre diversas cidades.

- **Agasallo sincronizado para o mundo**. A partir dunha partitura básica, invitouse a quen quixera a realizar unha versión propia para que, no Día das

Letras Galegas, calquera puidese enviar a súa preferida ós seus contactos para celebrar esta festa. Recibíronse estas.

- **Literatura infantil en galego**. Neste momento, estanse a escribir e ilustrar dez contos infantís en galego.

- **Falemos de cinema na nosa lingua**. Neste proxecto, os directores da Cuarta Parede, unha revista dixital de crítica cinematográfica, atoparon catro persoas que lles axuden a traducir os artigos que os colaboradores lles envían noutros idiomas.

- **Galego +**. Busca felicitar a aquelas empresas que empregan a nosa lingua enviándolles correos electrónicos.

- **Twitter en galego** atopou xente voluntaria para facer a tradución ó galego da rede social. Actualmente estase á espera de que o propio Twitter a autorice.

- **Guía Branca** pretende crear unha web, a modo de base de datos, sobre todo tipo de establecementos que empreguen o galego.

- **Skype en galego** busca que Skype acepte como oficial e ofrezca a todos os usuarios a tradución que o xestor da idea xa ten feita.

- **Documental audiovisual** sobre a diáspora galega ten como obxectivo a realización dun documental sobre a nova diáspora galega, a 2.0, máis ligada á terra

grazas ás novas tecnoloxías do que o estiveran os emigrantes de xeracións anteriores.

GalegoLab é unha organización sen fin de lucro, fundada en 2010, que, segundo nos contan os seus impulsores dun xeito máis específico, ten "como obxectivo o impulso de accións concretas de promoción da lingua galega, cun enfoque de abaixo-arriba, con especial incidencia nas culturas emerxentes e na naturalidade da vida cotiá".

A ferramenta principal é a web GalegoLab, unha rede social de crowdsourcing, para concitar apoios ás accións propias e as que propoñan os usuarios e outros colectivos. A web está en marcha dende o 20 de maio do 2010. O pasado 14 de setembro recibiu o primeiro premio da Secretaría Xeral de Modernización ao desenvolvemento de contidos en Internet na categoría de promoción do Patrimonio, Cultura e Lingua Galegas.

COMPROMETIDAS/OS CO NOSO

PATRIMONIOGALEGO.NET SUPERA A LIÑA DO MILLEIRO DE BENS CULTURAIS CATALOGADOS

A web patrimoniogalego.net, da que falamos con motivo da súa posta en marcha e dos seus primeiros e salientábeis logros no camiño de acubillar na Rede as pegadas da nosa cultura e da nosa tradición (no mellor sentido do termo tradición), vén de deixar atrás a liña dos seus sete meses de *vida* e faino acadando a cifra dos mil bens inventariados. A xuízo dos responsábeis desta iniciativa, un equipo de investigadores e internautas en xeral coordinados polo noso compañeiro Manuel Gago (que foi o promotor do proxecto), o feito de ter chegado ao milleiro de rexistros en sete meses ten un valor especialmente simbólico, sobre todo se temos en conta que estamos a falar dunha web impulsada por mans voluntarias traballando a prol dun obxectivo común, a preservación do noso, no ámbito en liña, para as xeracións vindeiras. Ademais, fíxose en moito menos tempo do previsto, "grazas ao esforzo desinteresado dun cada vez máis nutrido número de colaboradores, dispostos a axudar coa súa dedicación na preservación do patrimonio cultural de Galicia", sinalan dende a páxina. Por certo que a ficha número 1000 corresponde ao cruceiro de Lanzá, en Vilalba, un ben cultural que sen dúbida terá moito de emblemático, a partir de agora,

deste compromiso e deste traballo a prol da salvagarda das nosas pegadas. As razóns deste éxito acadado dende patrimoniogalego.net son moitas e variadas, pero teñen que ver, case todas, co aproveitamento dunhas tecnoloxías, as propias do noso tempo, para darlle máis vida e unidade a algo que xa estaba latente: o interese colectivo por preservar o noso. Non houbo máis que cinguir e poñer en contacto, ombro con ombro, ás persoas que malia as súas probábeis diferenzas dirixíanse cara a un mesmo obxectivo. Así nolo contan dende a web, facendo referencia a este xeito social, activo e non xerárquico: "Ao contrario ca os oficiais, os catálogos sociais permítenlle á cidadanía involucrase de xeito activo a través dunha participación directa no proxecto; dun modo semellante a como ocorre cos artigos da Wikipedia, os participantes teñen a posibilidade de rexistrar un ben patrimonial a través da creación dunha ficha virtual". Nela aparecerán fotografías e datos identificativos do ben en cuestión, así como o seu estado de conservación ou como chegar onda el. Para este labor,

engaden, os usuarios contan co material facilitado polos editores da páxina. Nesta liña insírense os impresos que poderán empregar cando desenvolvan algún traballo de campo, nos que se inclúen aspectos de interese dos bens, como a súa datación, a súa propiedade ou a súa descrición. "A tipoloxía que figura nas fichas vai dende os castros, os dolmens ou os petróglifos ata os templos, os pazos, ou os castelos, pasando, como non, por bens inmóbiles coma os cruceiros, os hórreos ou as pallozas", infórmasse.

O funcionamento é o seguinte: unha vez recollida a información precisa, os catalogadores poden daquela subir a ficha ao inventario en liña, quedando deste xeito constancia na web da existencia dun monumento ou dun ben cultural determinado, con todos os datos referentes a el. "É máis", engádese, "de non figurar toda a información necesaria, os propios editores do catálogo encárganse de contrastala e de completala, sempre na medida do posible; de non ser así, a ficha queda en suspenso ata que se dispoña de datos suficientes relativos a ese ben en concreto".

UN PROXECTO ABERTO Á CIDADANÍA

A web, segundo nos conta o equipo responsábel da mesma, conta co soporte técnico de Wordpress. Patrimoniogalego.net é un sistema de información xeográfica (SIX) aberto a toda a cidadanía, independente e sen ningún ánimo de lucro, dado que ten como único fin a preservación do patrimonio cultural galego, polo de agora limitándose aos bens de carácter inmoible. Nel participan unha serie de



Igrexa Castrense de San Andrés, vista en Patrimoniogalego.net

PATRIMONIO GALEGO

O noso traballo
Fai tempo que para chegar aos 1000 bens catalogados!



Fotografía do Hospital Real, actualmente o Hostal dos Reis Católicos en Compostela



INTRODUCIDOS

EXPLORA



voluntarios, profesionais en distintas disciplinas, que decidiron sacar adiante este proxecto de xeito desinteresado a partir da creación da plataforma cidadá *Eu participaría dunha Mesa polo Patrimonio de Galicia*, xurdida na rede social Facebook a iniciativa do divulgador e profesor da USC Manuel Gago.

Milagros Bará, Álex Bragaña e Soledad Felloza integran o corpo de Produción do catálogo, mentres que o propio Gago se encarga do deseño e do desenvolvemento da web. Pola súa parte, Adela Oyonarte, Franjo Padín, Carmela Sánchez Arines, Elixio Vieites e Xosé Gago, conforman o corpo de editores, mentres que o gabinete de comunicación está integrado polos xornalistas Xurxo Salgado e Félix Aragunde.

Revolución TIC contra a crise



Comezamos o ano cun importante feixe de novidades galegas dixitais, das que damos un pequeno avance

Teixuapps: nova proposta galega para combater a crise

Cando a crise pega máis forte, semella que a creatividade vai cara arriba. Isto é aplicábel a todo, mesmo á innovación e a tecnoloxía. Non é de estrañar que así sexa:



quen máis quen menos non vive nunha burbulla, estamos cada vez máis conectados co mundo, cos problemas dos demais, e isto reflíctese tamén na creatividade empresarial. Exemplos recentes disto hai a centos, e moitos procedendo da nosa terra, como por exemplo Teixuapps, tecnoloxía galega “contra a crise”, desenvolvida dende Vigo por unha empresa do mesmo nome.

Segundo informan os responsábeis desta iniciativa nun comunicado, estamos ante unha firma de creación recente que se dedica á produción e desenvolvemento de aplicacións para os principais dispositivos móbiles e sistemas operativos (Smartphones, iPhone, iPad, Android, Nokia, Samsung) e SmartTVs.

O eido de acción da empresa aséntase sobre os alicerces da publicidade en liña e abrangue diversos elos da cadea, dende o desenvolvemento web de terceira xeración á formación TIC, pasando por posiciona-

mento web para empresas e organización de xuntanzas virtuais.

Á fronte deste proxecto sitúase Marco Durán. Ao seu xuízo, a Rede é toda ela unha oportunidade para solucionar certos problemas de acceso ao coñecemento derivados da necesidade de reducir custes

de desprazamento e aloxamento para os seus profesionais. Neste senso, Teixuapps aposta por “aumentar a visibilidade e mellorar a rendibilidade dos seus clientes a través de ferramentas como a personalización do seu contido, os vídeos en 3D que permiten dar a coñecer un novo proxecto ou unhas instalacións, ou ben mediante unha web especialmente dinámica”. O custe de

todo isto, informa Marco, “é moi baixo se se considera toda a visibilidade que xeran estas accións”. Teixuapps, con sede no viveiro da Cámara de Comercio de Vigo, aposta polo software libre, cuxas ferramentas, na súa opinión, son a mellor oportunidade actual para a xestión de empresas e a venda de aplicacións por Internet.

Televés lanza cabeceiras de distribución montadas e programadas

A firma galega Televés, con máis de 50 anos de historia fabricando produtos de vangarda e investindo en I+D+i, vén de dar un novo paso na súa política de servizo ao instalador, coa comercialización de cabeceiras de distribución totalmente montadas, axustadas e

programadas. Deste xeito, os profesionais poden optar agora por unha solución que segundo indican “lles reporta considerables vantaxes, como un importante aforro de tempo na instalación e a garantía total de fiabilidade” xa que, os equipos saen das instalacións de Televés, en Santiago de Compostela, totalmente comprobados e listos para comezar a funcionar.

Os profesionais que opten por estas cabeceiras de distribución de selo galego tan só deberán conectar o sinal entrante a través do backpanel e a instalación estará completada.

Porén, as vantaxes deste produto non rematan na súa sinxeleza, tamén se estenden ao prezo, pois a compañía asegura que non aplica ningún cargo adicional pola montaxe e axuste dos equipos. Esta iniciativa comezou a funcionar como experiencia piloto en Portugal, onde a situación “era especialmente atractiva para instalacións

complexas en edificios como hoteis, centros de ensino, hospitais e urbanizacións”. Neste país, os primeiros equipos que Televés entregou totalmente montados foron sistemas de distribución con cabeceiras integradas en racks de 19 polgadas, que incluían, entre outros, servizos de fibra óptica. Ante o éxito acadado, a compañía tomou a decisión de ofrecer este tipo de montaxes tamén aos seus clientes españois e no resto do mundo.



Isonor, seleccionada por Red.es para asesorar en e-comercio



A empresa galega Grupo Isonor, vén de ser seleccionada pola entidade pública Red.es para colaborar activamente no Programa de asesoramento a PEMES en comercio electrónico BC2, axudando a implantar sistemas e ferramentas de comercio electrónico de seu nas empresas que o soliciten.

A firma, con sede en Santiago de Compostela, está formada polas empresas Excelentia, Formanor, Lopdat, Softic e Externor, todas elas especializadas en consultaría e solucións de outsourcing, e foi a única de toda a Comunidade seleccionada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para este exercicio.

O programa de Red.es ten como función darlle pulo á oferta de produtos e servizos na rede da empresa ao consumidor (coñecido como B2C polas siglas en inglés de Business to Consumer), tanto ampliando dita oferta, como mellorándoa con tendas en liña de calidade e potencial de crecemento.

Para iso, como empresa colaboradora deste programa, o Grupo Isonor, vai tratar de desenvolver e fortalecer a capacidade das pequenas e medianas empresas galegas para expandir e potenciar o seu negocio a través de novas canles de venda, así como adoptar unha estratexia comercial para iniciar un proxecto de venda en liña e facilitar o seu posicionamento na Rede. Nesta xira, a firma deberá destacar a importancia dos aspectos operativos, técnicos, loxísticos e legais para garantir o éxito da tenda virtual.

Paneis turísticos con códigos QR para o centro de Lugo

Lugo vén de estrear unha ferramenta para coñecerla mellor, a pé de rúa e con acceso inmediato. A iniciativa, que vén da man do Concello de Lugo e que inclúe un orzamento de 75.000 euros, apóiase de cheo no emprego dos móbiles, concretamente na súa capacidade de ler códigos QR (BiDi), que son o miolo dos paneis de información turística habilitados no casco vello da cidade. Isto significa que calquera visitante,



a través do seu dispositivo, poderá descargar ao momento, diante dos ditos paneis, todo tipo de información relevante sobre os monumentos e puntos de interese da cidade. Para tirar partido deste novo servizo, pídese o seguinte requirimento: contar cun teléfono equipado con cámara, acceso á Rede e ferramenta específica para traducir a información dos ditos códigos.

No desenvolvemento do servizo traballaron os arquitectos Ángeles Castro e Raúl Veiga, así como o deseñador gráfico Luis Montero. Imaxina foi a responsábel do material audiovisual.

Abertal estrea un sistema en liña de xestión de citas

Abertal Networks, empresa recoñecida recentemente por EGANET con motivo da súa longa experiencia e implicación no desenvolvemento do noso sector TIC, comeza o ano lanzando no universo en liña un sistema tecnolóxico de xestión de cita previa. A achega, que segundo apunta Abertal salienta pola sinxeleza e comodidade quen pon en xogo, ten especial potencialidade para dar servizo en consultas médicas, despachos de avogados, notaría, perruquerías, centros de estética, talleres, etc. En defini-



tiva, para calquera tipo de servizo empresarial onde se teña entre mans a seguinte tarefa: a organización diaria das quendas de atención a usuarios ou clientes.

“Cun par de clics, o cliente destes negocios pode consultar e reservar a data e hora dispoñibles para a súa cita, sen necesidade de chamadas telefónicas nin de desprazamentos”, conta Abertal dende a súa web, blogoteca.com/abertal.

Galiciaberta.com incrementou nun 10% os usuarios únicos



A web Galiciaberta.com, dependente da Secretaría Xeral da Emigración, recibiu ao longo de 2011 un total de 242.194 visitas, é dicir, unha media mensual de 20.183 e diaria de preto de 664 visitas.

Esta cifra tan só é un 0,03 por cento máis elevada que a rexistrada en 2010, ano no que se rexistraron 242.271 visitas, porén houbo un aumento considerable (do 9,81 por cento) dos usuarios únicos, é dicir, aqueles que non realizan máis ca unha visita nunha mesma xornada.

Deste xeito, ao longo do 2011, 2011 rexistráronse 155.816 usuarios únicos (o que supón 12.932 mensuais ou 425 diarios), fronte aos 141.959 de 2010, ou os 115.311 de 2009.

Por outra banda, segundo indican dende a Xunta, practicamente mantívose o número de visitas recibidas nas distintas páxinas dentro de www.galiciaberta.com, de maneira que mentres en 2009 eran 898.293 as veces que algunha páxina do portal era visitada, en 2010 aumentaban ata 934.010, “cifra que case se acadou no 2011 con 925.056 visitas totais” aseguran; “Isto supón 77.088 páxinas vistas por mes, 2.534 diarias”, engaden.

MARCANDO A DIFERENZA

LÁNZASE OFICIALMENTE GALAPPS, A SUITE DE APLICACIÓNS DE LINGUA GALEGA PARA ANDROID

A comunidade internauta galega segue adiante co seu traballo a prol de darlle visibilidade e uso, por medio dos máis innovadores desenvolvementos, á lingua propia. Sen dúbida, unha das achegas máis salientábeis deste punto de inflexión 2011-2012 é a que vén da man de GalApps (galapps.es), proxecto que se materializa en varios recursos lingüístico-tecnolóxicos complementarios, por exemplo un tradutor de galego para móbiles ou ben un dicionario galego (tamén) para o noso dispositivo. Coa promoción do galego como nexo común e baixo o epígrafe *Toda a lingua galega no teu peto*, GalApps vén de ser obxecto dun novo pulo co seu lanzamento definitivo na Rede, a través da web galapps.es, como *suite* de aplicacións da lingua galega para móbiles Android.

Así nolo contan os responsábeis deste proxecto (un equipo de desenvolvedores constituído por Sabela Barreiro, Xurxo Méndez e Juan Porta), que quixeron presentar todo o seu traballo (as devanditas plataformas e máis o seu conxugador, ás que de seguro se unirán outras en breve) a través dun só acceso, porta ou sinal distintivo. Xa nolo avanzaron con motivo do lanzamento do seu tradutor: as ditas ferramentas xuntas

- **ConxuGalego.** Trátase, como o seu propio nome indica, dunha ferramenta que nos permite, co emprego dun trebello con Android (versión 2.0 en adiante), introducir o infinitivo de calquera verbo en galego, ben sexa regular ou irregular, e obter a súa conxugación en todas as súas diferentes formas. A aplicación, informan os creadores da mesma, está baseada no software libre da Universidade de Santiago, o Conshuga, ao que houbo que adaptar para o novo formato a esta realidade dos dispositivos con Android, sendo tamén, ConxuGalego, software libre.

- **DicionarioGalego.** Permite a busca no dicionario de calquera termo en galego que recolla o Dicionario da Real Academia Galega (na súa versión do 1997), aínda que os seus creadores anunciaron a finais de 2011 que estaban a traballar para poñer en funcionamento unha versión que opere segundo as definicións do DRAG de 2003, o último.

- **TradutorGalego.** Fai posíbel a tradución de textos do galego ao español, catalán, inglés ou francés, e viceversa. Constitúe,

segundo nos contan de xeito directo os responsábeis do seu desenvolvemento, “a primeira aplicación deste tipo, sobre todo tendo en conta que está orientada e centrada no galego”. É unha ferramenta de balde, e posibilita a tradución de palabras e textos de até 2.500 caracteres.

En opinión dos creadores destas achegas, estamos ante unha suite que constitúe “un recurso lingüístico, educativo, cultural e turístico importante e único; ningunha outra lingua dispón de un conxugador, un dicionario e un tradutor integrados para o móbil”. A mesmo tempo, as devanditas ferramentas son un achegamento da lingua galega e Galicia ás novas tecnoloxías, á actualidade. Boa proba disto,



informan, é o seguimento que GalApps está a ter no Twitter, o número de aplicacións descargadas (máis de 2500), ou a repercusión que está a ter na Internet.

“Estamos ante unha suite que constitúe un recurso lingüístico, educativo, cultural e turístico importante e único”

“E todo isto”, engaden, “partindo de cero, somos tres compañeiros que desenvolvemos estas aplicacións a nivel particular”. Para máis información sobre estas ferramentas e os novos proxectos en camiño, cómpre visitar a web do grupo de desenvolvemento ou ben o seu espazo propio en Twitter, sitios nos que se leva a cabo a meirande parte da súa actividade na Rede e nos que se informa, tamén, das actualizacións (de balde) das distintas aplicacións de GalApps. Amais disto, tamén hai conta propia no Facebook.



“constitúen, dalgún xeito, unha unidade, unha especie de suite de aplicacións da lingua galega para o móbil”. O resultado é este feixe de recursos:

un conxugador, un dicionario e un tradutor integrados para o móbil”. A mesmo tempo, as devanditas ferramentas son un achegamento da lingua galega e Galicia ás novas tecnoloxías, á actualidade. Boa proba disto,



O Alienware X51 chega como un PC con aires de consola de videoxogos



Os usuarios que gusten de xogar nun PC de altas prestacións e que sintan envexa do atractivo deseño das consolas de videoxogos domésticas teñen unha nova solución que pode cumprir con ambos cometidos, que chega a España da man de Dell a un prezo de entre 799 e 1.099 euros. Falamos do ordenador de sobremesa Alienware X51, que conta cun

deseño moi moderno e agresivo e unhas especificacións técnicas de auténtico luxo: procesador Intel Core i3/i5/i7, ata 8 Gb de RAM, ata

1 Tb de disco duro SATA a 7.200 rpm, gravadora de DVD con carga por fenda, gráfica nVIDIA GeForce GT 545/GTX 555 con 1 Gb de memoria dedicada, Wi-Fi N, tarxetas de son 7.1, 6 portos USB 2.0, 2 portos USB 3.0, saída HDMI 1.4, Gigabit Ethernet e altosfalantes integrados.

Ao igual que acontece coas consolas de videoxogos domésticas, o Alienware X51 pode colocarse tanto en vertical como en horizontal, e non sería raro que algúns decidisen conectalo directamente ao televisor do seu salón en vez de a un monitor tradicional, para poder gozar deste equipo coma se fose cunha videoconsola, pero tirando proveito do actual nivel gráfico do que contan os xogos para PC.

Ideum presenta unha pantalla táctil 3D de 65 polgadas

En non poucas películas e series de televisión podemos ver enormes pantallas táctiles que impresionan de xeito doado á audiencia, e un destes trebellos chegará ao mercado da man de Ideum, compañía que anuncia a súa pantalla MT65 Presenter, que cunha diagonal de 65 polgadas presenta unha imaxe de 1.920 x 1.080 píxeles compatible con lentes 3D pasivas e pode detectar ata 32 puntos táctiles de xeito simultáneo.

Amais, a pantalla integra un ordenador con procesador de 4 núcleos, 8 Gb de RAM, 256 Gb de memoria sólida, gráfica GeForce GTX

460 sistema operativo Windows 7 Profesional de 64 bits (terá versión con Linux en marzo). Tamén conta con Wi-Fi, Bluetooth, Ethernet, altosfalantes estéreo, webcam de alta definición con óptica Carl Zeiss e entrada, saída HDMI e un resistente marco de aluminio.

Temos así unha excelente solución para a realización de presentacións públicas, que tamén sería ideal para moitos centros educativos se non fose polo seu prezo de venda ao público, que aínda é bastante elevado, xa que parte de 17.450 dólares (13.698 euros).



Sony anuncia as súas primeiras unidades de memoria USB 3.0

En xaneiro Sony vai pór á venda as novas unidades Micro Vault MACH con tecnoloxía SuperSpeed USB 3.0, que permite para particulares e empresas uns dispositivos de transferencia de datos a alta velocidade que comercializaranse en tamaños de entre 8 e 64 Gb cunha velocidade de lectura de 120 Mbytes/segundo e de escritura de 90 Mbytes/segundo.

Estas unidades non só destacan pola súa impresionante velocidade, senón que tamén conta cun corpo



de aluminio que outórgalles unha grande resistencia para un uso diario, ao que tamén contribúe que o seu conector USB sexa retráctil (polo que estaría agochado durante o seu transporte).

A familia de unidades Micro Vault MACH inclúe as aplicacións File Rescue (para recuperar documentos eliminados accidentalmente) e x-Pict Story (para a creación de presentacións fotográficas coas imaxes almacenadas na unidade de memoria).





O BQ Cervantes 2 compite co Kindle igualando o seu prezo



O lanzamento do lector Kindle de Amazon en España supuxo un duro golpe para os comercializadores de produtos semellantes, que contan con prezos máis elevados e menos prestacións, polo que perderon competitividade de vez, o que o fabricante BQ está a intentar arranxar, polo que relanza o seu eReader BQ Cervantes 2 baixando o seu prezo a 99 euros.

O BQ Cervantes 2 estará dispoñible a partir do vindeiro venres, e conta cunha pantalla de 6 polgadas de E-Ink Pearl (considerada como a *máis branca* do mercado, cun alto contraste e 16 niveis de gris), 190

gramos de peso, 2 Gb de memoria interna ampliable mediante tarxetas microSDHC, conexión microUSB, batería de 1.000 mAh, soporte de varias linguas (entre as que están tanto o español coma o galego) e capaz de ler documentos en múltiples formatos (PDF, EPUB, TXT, HTML, RTF e FB2).

Teríamos así que aínda que non conte con Wi-Fi coma o Kindle, o feito de contar con soporte de documentos EPUB, poder mercarse en tendas físicas e de ter unha interface de usuario configurable en galego poderían xogar no favor deste dispositivo.

Un tablet chinés con Android 4.0 sorprende polo seu reducido prezo

En decembro MIPS Technologies sorprendía ao mundo anunciando o seu NOVO7, o primeiro tablet do mundo en incluír Android 4.0 segundo o seu fabricante, e que presumía dun prezo de só 99 dólares, e agora a cousa vai máis aló, e agora a cousa vai máis aló e achegan o Ainovo Novo7 Paladín, unha versión reducida do anterior tablet (carece de cámara e de saída HDMI) que consegue reducir o seu prezo a 79 dólares, podendo conseguirse dende España por menos de 90 euros (incluíndo os portes).

Este tablet, pese a funcionar con Android 4.0.1, continúa a ser de baixa gama, cunha pantalla capacitiva de 7 polgadas cunha resolución de 800 x 480 píxeles, procesador dun núcleo a 1 GHz, 512 Mb de RAM, Wi-Fi N, toma para auriculares, conector miniUSB, lector de tarxetas microSD, autonomía de 6-8 horas e 8 Gb de almacenamento interno, que aínda que non poida empregarse para as funcións máis avanzadas, cumpre con aplicacións básicas (como a lectura de documentos, a navegación pola web ou a



reproducción multimedia) e videoxogos, especialmente se temos en conta o seu prezo tan axustado.

Henge Docks anuncia bases para os portátiles MacBook Air

O fabricante de bases para portátiles de Apple, Henge Docks, anunciaou no CES de Las Vegas novas dock stations para os últimos portátiles MacBook Air de 11 e 13 polgadas, de xeito que facilitan a súa colocación en vertical para convertelos en equipos de escritorio (aforrando bastante espazo), podendo conectalos de xeito doado a un monitor externo, así como a outros dispositivos (coma teclados ou ratos) integrando na propia base os ports mini DisplayPort e USB que replicaría do portátil colocado en vertical, facendo cómodo o seu uso (xa que pasarían a estar nun lateral da base). A base para o portátil con pantalla de 11 polgadas pode reservarse por 55 dólares, mentres que para o equipo de 13 polgadas



o seu prezo quedarían en 60 dólares.

Este atractivo accesorio permite, por exemplo, ter sempre conectado un monitor e un teclado á base Dock Air de Henge Docks, de xeito que chegaría con inserir na mesma un MacBook Air para comezar a traballar co equipo coma se fose un ordenador de sobremesa. Unha cómoda solución para usuarios que queiran utilizar de xeito máis cómodo o seu portátil no fogar ou na oficina, sen ter que enlevar con máis cables que o de alimentación.





O Sr. Miyagi será tanto un loitador como o guía do xogo

Código QR



Vídeo promocional do xogo

REALITY FIGHTERS



A versión para PS Vita contará cun mestre moi especial

Marcus Fernández

O 22 de febreiro chegará ás tendas a consola portátil PS Vita, e entre os seus xogos de lanzamento figurará Reality Fighters, título de realidade aumentada desenvolvido por Novarama, estudo español que xa acadou grande éxito coa súa franquía Invizimals. O xogo de loita non só permitirá introducir os combates no noso contorno como xa facían no anterior

título do estudo, senón que tamén permitirá personalizar os loitadores (podendo tomar como referencia o noso propio rostro) e mesmo contará cun personaxe moi especial, o Sr. Miyagi (das películas de Karate Kid) que fará o papel de guía do xogo e tamén será o xefe final ao que superar cando derrotemos ao resto de loitadores.

Os usuarios máis perseverantes poderán así desbloquear o traxe de conserxe e a bandana que emprega o Sr. Miyagi, podendo tamén manexar este personaxe, o que supón unha recompensa moi satisfactoria para os que colleron cariño a esta figura que representaba o finado actor Pat Morita.

RESIDENT EVIL 6



En novembro sairá para Xbox 360 e PlayStation 3



Código QR



Trailer de Resident Evil 6

o 19 de xaneiro estreouse na Nintendo eShop a demo de Resident Evil: Revelations para a 3DS, e coincidindo con tal grato momento para os seareiros da saga creada por Shinji Mikami, dende Capcom sorpréndennos cun xeneroso trailer de máis de 3 minutos no que anuncian o desenvolvemento do xogo Resident Evil 6 para Xbox 360 e PlayStation, título que xuntará como protagonistas a Leon S. Kennedy e Chris Redfield (xuntos nun xogo por primeira vez) e que ten previsto o seu lanzamento para o vindeiro 20 de novembro. Máis adiante tamén haberá versión para PC.

O xogo está ambientado 10 anos despois dos sucesos de Raccoon City, nun momento no que o presidente dos EE.UU. decide facer pública a verdade sobre

o que parece un novo brote de actividade bioterrorista, do que tamén padece as consecuencias. Leon S. Kennedy partirá desta situación, trama que enlazará coa de Chris Redfield, que chegará a China debido á mesma ameaza bioterrorista, deixando claro que ningún país do mundo está libre desta ameaza. Ao igual que acontece co xogo para 3DS que verá a luz nos vindeiros días, Resident Evil 6 parece querer conservar a mecánica de acción das últimas entregas á vez que recupera parte da esencia survival os primeiros títulos da saga.



STAR TREK



A versión online estrea modalidade de xogo de balde

No pasado outono, tras a adquisición de Crystic Studios por parte de Perfect World, anunciouse que o xogo masivo multiusuario Star Trek Onlinemudaría o seu negocio para converterse en free-to-play, ou sexa, que calquera poderá descargar de balde o título, coa posibilidade de empregar cartos de verdade para a adquisición de bens ou desbloquear certos contidos. Finalmente hoxe é o día deste cambio de rumbo, de xeito que o xogo que leva preto de 2 anos funcionando sen chegar a unha masa crítica que permita a súa viabilidade a longo prazo.

Agora xa podemos descargar de balde

poder gozar do mesmo sen pasar por caixa, para participar no vasto universo que naceu da imaxinación de Gene Roddenberry, no que multitude de especies con forma humana están espalladas en numerosas naves espaciais e planetas.

Podemos encarnar dende a un capitán dunha nave da Federación de Planetas Unidos (que visitará moitas localizacións que resultarán familiares para os seareiros das distintas series de televisión da franquía) ata un señor da guerra Klingon (que buscará a ampliación do Imperio pola galaxia), sendo totalmente personalizables estes perso-

naxes, para reflectir o estilo de cada xogador (permitindo incluso crear novas especies para poder vivir a nosa propia historia).

Star Trek Online pode xogarse de balde ou pagando 14,99 dólares/mes, existindo limitacións para os primeiros, que aparecen detalladas nunha táboa que figura na súa páxina web.

O xogo precisa para funcionar un equipo con sistema operativo a partir de Windows XP SP2, procesador a partir dun Intel de dobre núcleo a 1,8 GHz ou dun AMD Athlon X2 + 3800, gráfica igual ou superior a unha ATI Radeon X1800 ou unha nVIDIA GeForce 79500, DirectX 9.0c ou superior, 10 Gb de disco duro libre e conexión á Rede.

DARKSIDERS

Morte protagonizará a secuela de Darksiders

O xogo de Vigil Games Darksiders foi toda unha sorpresa a primeiros do ano pasado, pois chegou ao mercado dun xeito bastante discreto, tendo como principal atractivo o seu deseño gráfico (da man do debuxante de comics Joe Madureira) e dando a impresión de que este título para Xbox 360, PlayStation 3 e PC era un hack and slash máis (nun momento no que Dante's Inferno e Bayonetta competían no xénero) pero resultou ser o máis semellante a un The Legend of Zelda para un público adulto, polo que gañou o respecto do público e da crítica, de aí que non sorprenda que o vindeiro verán vaimos ver a súa secuela.

Esta segunda parte do xogo, abandonará ao xinete do Apocalipse chamado Guerra e permitiranos controlar a Morte, outro dos xinetes, que vivirá

unha nova serie de acontecementos no mesmo espazo temporal da primeira entrega, con novas localizacións e inimigos que destruír. Darksiders II tamén chegará para as mesmas consolas que a súa entrega anterior, ás que se engadirá máis adiante Wii U.

A produtora do xogo, THQ, está a distribuír imaxes do protagonista do xogo, e nas últimas semanas tamén puidemos ver algúns vídeos sobre o mesmo, que promete un nivel comparable ao do primeiro Darksiders, o que é unha garantía en si mesma.



Código QR



Vídeo con explicacións do xogo

En Ineo...



... ti eres a peza que falta...

¿Falamos?





INTERNET NAS ZONAS RURAIS
DE PONTEVEDRA

Vivas onde vivas,
**sempre
conectados**

1Mb
17€*

*ó mes (IVE non incluído)
(20,06 €/mes con IVE)



Chama, infórmate e contrata no

1630
TELÉFONO GRATUÍTO



Servizo
**ofrecido
por:**



www.repoblar.depo.es

www.tngo.es



Proxecto cofinanciado pola
UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"

